

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta e tres minutos do día vinte de outubro de dous mil vinte e un, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

D^a MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL
D^a. MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA
D^a. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a. MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a. SUSANA AMOR FERNÁNDEZ
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO
D^a. MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a. SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro do grupo político popular D. Alfonso Rico Vereá.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e dá fe do acto a secretaria xeral dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

1.- PROPOSTA SOBRE A APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Participación cidadá, Educación e Medio rural, de data 1 de setembro de 2021 (código de documento UED15I002J), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural de data vinte e tres de setembro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

PROPOSTA

Vista a proposta elaborada pola Concellería de Participación Cidadá con data 5 de outubro de 2020 no que se contén unha proposta de modificación do Regulamento Orgánico de participación cidadá.

Que o borrador do regulamento xa foi exposto a consulta pública durante 15 días hábiles, dende o 7 de outubro ó 29 de outubro do ano 2020.

Visto o disposto nos artigos 22, 49 e 70.2 da vixente Lei 7/85 reguladora das Bases do Réxime Local,

PROPONSE Ó PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento Orgánico de Participación Cidadá que se transcribe como Anexo.

Segundo.- Someter este acordo a información pública a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos do Concello e no portal de transparencia, por un período de trinta días, para a presentación das reclamacións ou suxestións que se estimen pertinentes.

Terceiro.- Para o caso de que non se presentaran reclamacións ou suxestións no período de información pública, entenderase definitivamente adoptado este acordo.

Cuarto.- Conforme o disposto no artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, solicito informe legal preceptivo a Secretaría Xeral.

ANEXO

REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Regulamento de Participación Cidadá revela o compromiso do Concello ante a cidadanía para fomentar a participación democrática e a transparencia nos asuntos públicos locais, de acordo co ordenamento constitucional e conforme aos principios da Carta europea da Autonomía Local e aos artigos 9.2 e 23.1 da Constitución Española de 1978.

Este sistema de participación pretende estenderse a todos os aspectos da xestión pública local, tanto no que se refire estritamente ás actuacións que promove de forma directa o Concello, o seu Goberno e o Pleno, como as que realizan os organismos autónomos.

Na súa elaboración tívose en conta a regulación que, en materia de participación cidadá, establece a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción dada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Esta Lei establece, en materia de participación cidadá, uns estándares mínimos que constitúen os mecanismos necesarios para a súa potenciación: o establecemento da necesidade de regulamentos orgánicos en todos os municipios en materia de participación cidadá, que determinen e regulen os procedementos e mecanismos axeitados

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

para facela efectiva; a aplicación necesaria das novas tecnoloxías da información e a comunicación de forma interactiva, para facilitar a participación e a comunicación coa veciñanza, así como para facilitar a realización de trámites administrativos e a introdución na lexislación básica sobre réxime local das iniciativas cidadás, que poden constituír un importante instrumento participativo, que pode dar lugar, incluso, a consultas populares.

En cumprimento do que establece o artigo 129 da Lei 39/2015 de 2 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, indícanse os principios que inspiraron esta regulación:

- Necesidade e eficacia.** O interese xeral que persegue este regulamento é o de facilitar a participación cidadá nos asuntos públicos municipais dando cumprimento á demanda social e ao establecido na Constitución Española. O regulamento vixente nestos momentos quedou obsoleto e non responde adecuadamente a estas demandas.
- Proporcionalidade.** O contido é o mínimo imprescindible para acadar as finalidades desexadas. Non se restrinxen dereitos, senón todo o contrario, mellóranse as canles para poder exercelos e non se xeran outras obrigas á Administración municipal que non estean xa contempladas no marco institucional.
- Seguridade xurídica.** A norma é coherente co conxunto do ordenamento xurídico vixente e xera un marco normativo estable, predicible, integrado e certo.

O sistema político español, definido na Constitución de 1978, prevé a participación política a través da elección libre, directa e secreta, mediante sufraxio universal, das persoas que formarán parte das institucións do Estado. A Constitución declara o dereito da cidadanía para participar tamén de maneira directa na xestión dos asuntos públicos, e é por iso que o Concello de Culleredo ten un compromiso co afondamento na democracia, no sentido de complementar a democracia representativa coa democracia participativa directa.

C.I.F. P-1503100-H

En cumprimento deste mandato constitucional de facilitar a participación da cidadanía na vida cultural, económica, política e social, o Concello de Culleredo comprométese a favorecer, impulsar e dinamizar o exercicio deste dereito, recoñecendo e comprometéndose a facer efectivos aqueles outros dereitos inherentes á condición cidadá, que son o dereito á información, o dereito de petición, de proposta, de consulta e de iniciativa cidadá, o dereito para ser escoitado/a e o de intervir nos plenos municipais e noutros órganos creados para ese efecto. O presente Regulamento pretende recompilar, completar e garantir o exercicio dos dereitos que a normativa recoñece aos cidadáns e cidadás na súa relación coa Administración Local e debe ser, á vez, motor dun maior aproveitamento cidadán deste amplo abano normativo.

O Concello brindará á cidadanía, polas canles apropiadas, a posibilidade de expresar e intercambiar publicamente as súas opinións e as súas preocupacións nos ámbitos de actuación do municipio.

O Concello manterá un diálogo aberto, transparente e continuo co movemento asociativo local e a sociedade civil local, que contribúa a mellorar a confianza das cidadás e cidadáns nas institucións, reforce os dereitos da cidadanía e contribúa á eliminación de desigualdades entre a muller e o home, promova a súa igualdade, loite contra a exclusión social e contra toda discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade, orientación sexual, ou outra situación susceptible de xerar discriminación.

Tampouco deben ser alleas as políticas de promoción de emprego, e de esixencia na protección do medio e dos/as consumidores/as, así como a loita pola erradicación da pobreza.

En poucas palabras, entre todas e todos temos que contribuir a consolidar unha cultura reforzada de consulta e diálogo que facilite a convivencia, a solidariedade, a tolerancia, a responsabilidade cidadá e os valores éticos, humanos e democráticos, afondando no desenvolvemento humano e na preocupación polo ben común.

d) **Transparencia.** Para a elaboración do contido abriuse un prazo de exposición ao público coa finalidade de recoller achegas e ideas da cidadanía e das asociacións.

En definitiva, os diversos mecanismos participativos creados e impulsados polas diversas leis existentes sitúan o noso réxime local na liña avanzada de promoción da participación que está adquirindo relevancia en todo o

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

continente, impulsada polo Consello de Europa, e da que é unha importante manifestación a Recomendación do seu Comité de Ministros Rec (2001) 19, que serviu de fonte de inspiración para esta reforma.

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Ámbito obxectivo de aplicación.

O obxecto deste Regulamento é regular as formas, medios e procedementos de participación das veciñas e veciños na xestión municipal, tanto individualmente como a través de entidades cidadás.

Artigo 2.- Ámbito subxectivo de aplicación.

1. O ámbito de aplicación desta normativa inclúe a todos os veciños e veciñas do municipio de Culleredo e ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza que se recollen no artigo 72 da Lei de bases de réxime local, e que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

2. Para efectos destas normas considérase veciño/a calquera persoa inscrita no Padrón Municipal de Habitantes.

3. Para efectos destas normas considéranse entidades cidadás as que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións de acordo aos procedementos que se analizarán máis adiante, no capítulo II, do Título IV.

Artigo 3.- Finalidade.

O Concello comprométese a potenciar con especial atención intereses universais como a erradicación da pobreza, a saúde, a solidariedade, a educación, a integración dos colectivos en desvantaxe social e a cooperación para o desenvolvemento atendendo ás necesidades reais do municipio.

TÍTULO II: DEREITOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Artigo 4.- Dereito á participación.

1. Todos os veciños e veciñas de Culleredo teñen dereito a participar na xestión municipal directamente, xa sexa de maneira individual ou de forma colectiva a través das asociacións ou outro tipo de entidades cidadás.

2. Para os efectos do presente Regulamento, este dereito de carácter xeral comprende os seguintes dereitos:

- a) Dereito a servizos públicos de calidade de competencia municipal.
- b) Dereito á accesibilidade universal, á igualdade e á non discriminación.
- c) Dereito de acceso universal a internet.
- d) Dereito de información e petición.
- e) Dereito a iniciativa popular.
- f) Dereito a proposta cidadá.
- g) Dereito de audiencia pública e intervención no Pleno.
- h) Dereito a formular queixas, reclamacións e suxestións.
- i) Dereito a consulta popular.
- j) Dereito de asociacionismo.

3. Para posibilitar e promover o exercicio destes dereitos, o Concello habilitará mecanismos e canles de participación que se regulan neste Regulamento.

Artigo 5.- Dereito a servizos públicos de calidade de competencia municipal.

Segundo os principios da actual Lei reguladora das bases de réxime local, todos os veciños e veciñas de Culleredo teñen dereito a utilizar e a esixir ao Concello a prestación dos seguintes servizos públicos:

- Iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos e tratamento dos mesmos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- Parque público e biblioteca pública.
- Protección Civil.
- Avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación de risco ou de exclusión social.
- Prevenición e extinción de incendios.
- Instalacións deportiva de uso público.

Artigo 6.- Dereito á accesibilidade universal, a igualdade e a non discriminación.

O Concello garantirá o acceso das persoas con discapacidade física, psíquica e/ou sensorial aos servizos públicos, valorando as peculiaridades de cada caso.

Así mesmo, garantirá o acceso de persoas e colectivos cuxos puntos de partida son de desvantaxe social debido a diversos factores como a etnia, o lugar de procedencia, o nivel socioeconómico ou o xénero, facilitando con iso a creación dun espazo de participación inclusivo.

Artigo 7.- Dereito de acceso universal a Internet.

Todos os veciños e veciñas de Culleredo teñen dereito a contar coa infraestrutura municipal necesaria para exercer a participación cidadá, tanto no referente a espazos e lugares físicos, como ás Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).

C.I.F. P-1503100-H

CAPITULO I.- DEREITO DE INFORMACIÓN E PETICIÓN

Artigo 8.- Difusión das actuacións municipais.

1. O Concello informará á poboación dos acordos dos órganos de goberno municipais, das normas e, en xeral, de todas as súas actuacións.

2. Estas informacións serán divulgadas de forma aberta, sinxela e apropiada, de maneira que poidan ser coñecidas e comprendidas por todos os cidadáns e cidadás. Para isto, empregarase algún ou varios dos seguintes medios:

- Publicacións municipais.
- Radio municipal.
- Web municipal.
- Taboleiro de anuncios.
- Exposición en lugares de concorrencia pública: equipamentos municipais, sedes de entidades cidadás, centros comerciais etc.
- Boletíns oficiais.
- Todo un conxunto de TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) nas que se inclúen as redes sociais e a web municipal para establecer un diálogo e un intercambio de información de dobre sentido, de tal forma que a cidadanía tamén poidan achegar información.
- Calquera outro que favoreza a difusión das informacións.

Artigo 9.- Oficina de Atención á Cidadanía.

Nas dependencias municipais, así como a través da web municipal, crearase unha Oficina de Atención á Cidadanía coas seguintes funcións:

- a) Coordinar as iniciativas cidadás.
- b) Informar ao público dos fins, competencias e funcionamento dos distintos órganos e servizos dependentes do Concello, así como os trámites administrativos dos expedientes, para o seguimento dos mesmos.

Artigo 10.- Promoción do uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

O Concello promoverá e fará uso das novas tecnoloxías como medio alternativo para unha eficaz difusión dos seus servizos e actividades, así como para establecer un diálogo, proporcionando un achegamento progresivo aos/ás habitantes de Culleredo. Por medio delas poderase:

- a) Facilitar ao máximo as xestións coa Administración Local.
- b) Mellorar a transparencia da Administración, incorporando á rede toda a información de carácter público que se xere no termo municipal.
- c) Potenciar a relación entre administracións a través de redes telemáticas para beneficio da poboación.
- d) Posibilitar a realización de trámites administrativos municipais.
- e) Posibilitar o emprego da firma electrónica, de acordo coas leis e regulamentos que se desenvolvan.
- f) Facilitar á poboación o coñecemento da rede asociativa local.
- g) Establecer un diálogo no que se intercambie información de maneira bidireccional entre o Concello e a cidadanía.
- h) Aquelas outras que se poidan establecer neste Regulamento.

C.I.F. P-1503100-H

Artigo 11.- Acceso ao uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación.

1. O Concello propiciará o acceso aos medios de información municipais da veciñanza e das entidades cidadás, para o que establecerá canles e prazos, segundo as características do medio e do interese que se manifeste.
2. O Concello garantirá na medida do posible as colaboracións e informacións das entidades cidadás nos medios de información municipais coa única limitación do espazo dispoñible nos mesmos.

Artigo 12.- Dereito de acceso á información do Concello.

Todos os veciños e veciñas de Culleredo teñen dereito a:

- a) Coñecer o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de persoas interesadas e obter copias de documentos contidos neles.
- b) Acceder aos arquivos e rexistros públicos e a obter copia dos mesmos, coas limitacións que estipulan os artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- c) Coñecer os acordos públicos dos órganos de goberno municipais.
- d) Coñecer os plans e actuacións municipais en trámite para potenciar a participación cidadá.
- e) Aqueles outros que se poidan establecer neste Regulamento, ou que vaian xurdindo co desenvolvemento dos procesos de participación para facer que esta chegue a toda a cidadanía.

Artigo 13.- Dereito a recibir información directa por parte do Goberno Municipal.

As asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza que se recollen no artigo 72 da Lei de bases de réxime local, así como os veciños e veciñas que participan a título individual, teñen os seguintes dereitos:

- Celebrar reunións informativas con concelleiras/os delegadas/os sobre asuntos da súa competencia, previa petición por escrito e no prazo máximo de 30 días naturais desde a presentación da mesma a través do Rexistro Xeral de Entrada municipal ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Recibir información das convocatorias de todos os órganos colexiados do goberno municipal.
- Dispoñer dunha canle de participación a través da web municipal onde poder atopar estas informacións ademais de poder realizar consultas en liña.
- Aqueles outros que se poidan establecer neste Regulamento.

Artigo 14.- Dereito de petición.

- O dereito de petición exercitarase conforme ao que dispón da Lei orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do dereito de petición.
- O exercicio do dereito de petición poderá ser individual ou colectivo.
- As peticións poderán versar sobre calquera asunto ou materia comprendida no ámbito de competencias municipais, con independencia de que afecten exclusivamente á persoa peticionaria ou sexa de interese colectivo ou xeral.
- Non poderán ser obxecto do dereito de petición aquelas solicitudes, queixas ou suxestións para as que o ordenamento xurídico estableza un procedemento específico distinto ao regulado na Lei.

Artigo 15.- Tramitación das peticións.-

- As peticións formularanse mediante escrito dirixido ao Concello, indicando os datos da persoa solicitante, o obxecto da petición e a persoa ou área destinataria, así como o lugar ou medio elixido para a práctica das notificacións. As peticións colectivas serán firmadas por todos/as os/as peticionarios/as, debendo figurar xunto á firma de cada un deles/as o seu nome e apelidos. No caso de que o escrito de petición non reúna os requisitos anteriores, requirirase á persoa peticionaria para que emende os defectos advertidos no prazo de dez días co aviso de que, de non facelo, darase por desistida a súa petición, notificándosele o seu arquivo con expresión da causa.
- Non se admitirán peticións nas que o obxecto sexa alleo á competencia municipal, nin aquelas sobre as que exista un procedemento administrativo xa iniciado, en tanto sobre o mesmo non recaese acordo ou resolución firme.
- A inadmisión dunha petición será sempre motivada e deberá acordarse e notificarse á persoa peticionaria nos trinta días hábiles seguintes aos da súa presentación. Cando a declaración de inadmisibilidade dunha petición se basee na falta de competencia da persoa ou área destinataria, remitirase esta á institución, administración ou organismo que estime competente no prazo de dez días e comunicarllo así á persoa peticionaria.
- O Concello, unha vez recibida a petición, acusará recibo da mesma e comunicarllo á persoa interesada dentro dos dez días seguintes á súa recepción.
- Unha vez que se admita a trámite unha petición, o Concello deberá contestala e notificar a contestación no prazo máximo de trinta días hábiles a contar desde a data da súa presentación.
- Se a petición se estimase fundada, o Concello deberá atendela e adoptará as medidas oportunas para lograr a súa plena efectividade.

C.I.F. P-1503100-H

7. A resposta recollerá, como mínimo, os termos nos que a petición foi tomada en consideración por parte do Concello e incorporará as razóns e motivos polos que se accede ou non á petición. No caso de que se adopte calquera acordo, medida ou resolución específica, agregarase á contestación.

CAPITULO II.- A INICIATIVA POPULAR

Artigo 16.- Dereito de iniciativa popular.

1. Os veciños e veciñas que gocen de dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos, actuacións ou proxectos de regulamentos en materias de competencia municipal, nos termos regulados no artigo 70 bis da Lei reguladora de bases de réxime local.
2. Estas iniciativas deberán estar subscribas polo menos polo 10 % da poboación empadroada no municipio.
3. As iniciativas poderán, no seu caso, levar incorporada unha proposta de consulta popular local, que será tramitada polo procedemento e cos requisitos do Capítulo VI do Título II, deste Regulamento.

Artigo 17.- Exercicio da iniciativa popular.

1. Tales iniciativas requirirán informe previo de legalidade do secretario/a do Concello, así como o informe do interventor/a cando afecte a dereitos e obrigas de contido económico do Concello.
2. Vista a legalidade da iniciativa, nos termos que xa se mencionaron, o Concello someterá esta a información pública durante un prazo dun mes, excepto por razóns de urxencia que aconsellasen un prazo máis curto, sendo neste caso de dez días.
3. O Concello, unha vez que conclúa o prazo de exposición pública, someterá as iniciativas a debate e votación no Pleno.
4. A decisión terá en conta principalmente o interese público da iniciativa.
5. Antes do debate e votación plenaria, o Concello poderá solicitar aclaracións complementarias á persoa ou colectivo que fixo a proposta.
6. No caso de que o Pleno do Concello aprobe a iniciativa cidadá, farase pública a forma e o calendario en que se levará a cabo, e destinará a partida económica correspondente.

CAPITULO III.- DEREITO DE AUDIENCIA PÚBLICA E INTERVENCIÓN EN PLENO

Artigo 18.- Dereito de audiencia pública.

Os veciños e veciñas de Culleredo teñen o dereito de audiencia pública, que consiste en facer reunións específicas abertas a toda a veciñanza que o desexe, para ser informada e escoitada respecto a temas de competencia municipal e de especial relevancia para o municipio.

Artigo 19.- Solicitud de audiencia pública.

1. O/a alcalde/sa ou calquera dos concelleiros/as delegados/as convocarán a audiencia pública, xa sexa por iniciativa propia ou a pedimento da cidadanía.
2. Poden solicitar unha audiencia pública os órganos de participación existentes, as entidades cidadás, ou calquera persoa cidadá de forma individual, sempre que presenten o apoio do 3 % da poboación empadroada no municipio maior de 18 anos, mediante firmas verificables.
3. As audiencias públicas que solicite a cidadanía de Culleredo celebraranse nun prazo non superior a trinta días naturais tras a presentación das firmas no Rexistro municipal de entrada, exceptuando aquelas que por motivacións implícitas ás mesmas deban resolverse por vía de urxencia, coa condición de que poida obxectarse.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

Artigo 20.- Dereito a intervención no Pleno.

1. As sesións do Pleno Municipal serán públicas, salvo nos casos que prevé o artigo 70.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 253 da Lei 5/1997 de 22 de xullo da administración local de Galicia. Non serán públicas as sesións da Xunta de Goberno Local nin as sesións das comisións informativas.
2. Cando algunha das asociacións ou entidades cidadás, debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, desexe efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto do día do mesmo, deberá solicitalo por escrito ao alcalde ou alcaldesa a través do Rexistro municipal. Esta solicitude poderá facerse ata as 14:00 h do seguinte día hábil á convocatoria do Pleno ordinario no que se pretenda participar. O asunto para tratar deberá referirse sempre aos temas que se inclúen nas competencias municipais.
3. A asociación ou entidade cidadá que efectúe a petición de intervención deberá dirixirse ao Pleno a través dun único representante membro da xunta directiva da mesma. Para que este representante poida participar no Pleno en nome da citada asociación terá a obriga de presentar o acordo asembleario onde se avale esa intervención en nome da asociación. O prazo de entrega deste acordo será ata unha hora antes da celebración da sesión plenaria.
4. O/a representante que se designe poderá facer a súa intervención durante un tempo máximo de 5 minutos, correspondendo ao alcalde ou alcaldesa controlar ese tempo.
5. O escano cidadán: a persoa que designe a asociación en acordo asembleario deberá situarse de fronte á corporación para facer a súa exposición.
6. Rematada a sesión do Pleno, o alcalde ou a alcaldesa pode establecer unha quenda de rogos e preguntas do público asistente sobre temas concretos de interese municipal. Corresponde ao alcalde ou á alcaldesa ordenar e pechar esta quenda.

CAPITULO IV.- DEREITO A FORMULAR QUEIXAS, RECLAMACIÓNS E SUXESTIÓNS

Artigo 21.- Dereito a formular queixas, reclamacións e suxestións.

Toda persoa, natural ou xurídica, de forma individual ou colectiva, poderá presentar ante o Concello queixas, reclamacións e suxestións respecto de calquera actividade ou servizo de competencia municipal, sen prexuízo do dereito a interpoñer os recursos administrativos ou xurisdiccionais pertinentes.

Artigo 22.- Medios para presentar queixas, reclamacións e suxestións.

1. As queixas, reclamacións e suxestións deberán ser formuladas por escrito e entregadas no Rexistro municipal de entrada ou nalgún dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xunto co formulario que, no seu caso, establecerá a Alcaldía.
2. Esta presentación poderase levar a cabo ben de forma presencial ou telemática no caso de ser un dos suxeitos obrigados polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, isto é persoas xurídicas, entidades sen personalidade xurídica, quen exerza unha actividade profesional para a que se requira de colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio desta actividade profesional, entendéndose por incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, quen represente a unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa administración, e as persoas empregadas das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con estas por razón da súa condición de empregadas públicas.
3. O escrito poderá presentarse individual ou colectivamente. As entidades cidadás poderán facelo tanto de forma individual como agrupadas por intereses territoriais ou sectoriais.
4. As propostas e queixas deberán incluír a identidade de quen as formula e o medio elixido para recibir a resposta, agás as persoas obrigadas a comunicarse electronicamente coa administración.

Artigo 23 .- Xestión e contestación.

1. As queixas e suxestións que se formulen inadmitiranse a trámite por algún dos seguintes motivos:

- Abuso ou reiteración de queixas, suxestións e reclamacións en relación co mesmo tema ou que xa se contestaran con anterioridade.
- Queixas, suxestións ou reclamacións que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral.
- Aquelas que se dirixan a un órgano que non sexa competente ou se descoñeza a competencia.

2. De ser admisibles e, unha vez que se admitan, serán visibles pola cidadanía, empregando os medios físicos ou dixitais do Concello, coas condicións legais de protección de datos de carácter privado que establece a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3. O Concello deberá acusar recibo da queixa ou suxestión dentro dos dez días seguintes á súa recepción.

4. O Concello poderá declarar inadmisibile, conforme os criterios que se recollen nas letras a), b) e c) do apartado 1 deste artigo, a queixa ou suxestión sempre de forma motivada e nos quince días hábiles seguintes ao da presentación da mesma.

5. O Concello deberá contestar á queixa ou suxestión nun prazo máximo de trinta días naturais, salvo que esta se declarase inadmisibile.

6. A contestación será visible por toda a cidadanía, empregando os medios físicos ou dixitais do Concello.

Artigo 24.-

As demandas de información que non poidan ser atendidas de maneira inmediata pola Oficina de Atención á Cidadanía, tal e como se establece no artigo 9 deste Regulamento, serán tratadas conforme ao disposto no apartado anterior.

C.I.F. P-1503100-H

CAPITULO V.- A CONSULTA POPULAR

Artigo 25.- A consulta popular e a súa tramitación.

1. O Concello, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 257 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, facilitará a consulta da cidadanía.

2. O alcalde ou a alcaldesa, previo acordo do Pleno, por maioría absoluta, poderá someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial importancia para os intereses da veciñanza, salvo os relativos ás facendas locais.

3. O procedemento será o seguinte:

- A Corporación local remitirá á Xunta de Galicia unha copia literal do acordo adoptado polo Pleno do Concello, precisando os termos exactos da consulta.
- O Consello da Xunta de Galicia enviará a solicitude municipal ao Goberno do Estado, coa que se achegará, de ser o caso, un informe sobre a conveniencia de efectuar a consulta, de conformidade co interese xeral de Galicia.
- Corresponderalle ao Goberno do Estado autorizar a consulta.
- Unha vez que se conceda a autorización, de ser o caso, e de conformidade coa resolución municipal, o Consello da Xunta de Galicia convocará a consulta popular mediante Decreto. Este Decreto incluirá o texto íntegro da disposición ou decisión obxecto da consulta, sinalará claramente a pregunta ou preguntas que teña que responder o corpo electoral convocado e

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

determinará a data na que deba facerse a consulta a cal quedará incluída entre os trinta e os sesenta días posteriores á data de publicación do Decreto.

O Decreto publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia correspondente. Ademais, anunciarase nun dos xornais de maior difusión da Comunidade Autónoma e colgarase no taboleiro de anuncios do Concello.

CAPITULO VI.- OUTRAS CONSULTAS CIDADÁS

Artigo 26.- Estudos de opinión cidadá.

1. Co fin de coñecer en todo momento as demandas cidadás, a opinión respecto dos servizos municipais e as necesidades da veciñanza de Culleredo, poderán levarse a cabo sondaxes de opinión, enquisas de satisfacción (a través de preguntas tipificadas dirixidas a unha mostra representativa da poboación) e calquera outro método cuantitativo ou cualitativo de investigación social.
2. Os resultados destas sondaxes de opinión serán públicos e publicitaranse a través dos medios de comunicación municipais nun prazo máximo de dous meses tras a finalización dos mesmos.
3. Ademais, contarase coa posibilidade de realizar enquisas en liña e foros temáticos na páxina web municipal.

TÍTULO III: OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

CAPITULO I.- OS CONSELLOS SECTORIAIS

Artigo 27.- Os Consellos Sectoriais.

1. Os Consellos Sectoriais son órganos de carácter informativo, de control e de formulación de propostas, que permiten a participación cidadá na xestión de cada un dos sectores ou áreas da actividade municipal. Son, por tanto, órganos de participación de carácter temático.
2. Corresponderá ao Pleno Municipal a creación dos consellos sectoriais que considere adecuados para o fomento da participación cidadá, intentando que o ámbito material de actuación coincida coa de cada unha das comisións informativas.
3. Os Consellos Sectoriais deberán ser aprobados en sesión plenaria, previo informe da comisión informativa correspondente.

Artigo 28.- Constitución e composición.

1. Os Consellos Sectoriais estarán constituídos, polo menos, por:
 - a) Presidencia: O/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a de cada área e, no seu caso, de servizo, en quen o/a alcalde/sa delegue.
 - b) Un representante por cada un dos partidos políticos con representación no Pleno e cada un/unha dos/as concelleiros/as non adscritos/as, non podendo supoñer o conxunto deles máis do 50 % do total de membros do Consello.
 - c) Un representante por cada unha das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións relacionados co sector e con interese na materia. Designarase unha persoa suplente por cada titular.
 - d) Secretaría: un traballador/a municipal con voz pero sen voto.

2. A composición definitiva de cada Consello Sectorial quedará establecida no seu Regulamento Interno de Funcionamento, deberá ter en conta as peculiaridades do sector correspondente e velará por asegurar a inclusión de todas as estruturas de participación non reguladas a través deste Regulamento.

Artigo 29.- Competencias dos Consellos Sectoriais.

Será competencia dos Consellos Sectoriais:

- a) Fomentar a protección e a promoción da calidade de vida dos sectores implicados.
- b) Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración e coordinación entre as diferentes entidades que actúen no ámbito obxecto do Consello, xa sexan públicas ou privadas.
- c) Asesorar ao Concello nas actuacións que este realice no ámbito de actuación do Consello:
 - c.1) Debate e valoración dos asuntos que presente o Concello, especialmente a información, seguimento e avaliación dos proxectos anuais.
 - c.2) Elaboración de propostas.
- d) Solicitar información do Concello, previa petición razoada, dos temas de interese para o Consello.
- e) Promover a realización de estudos, informes e actuacións vinculadas ao sector.
- f) Fomentar a aplicación de políticas e actuacións municipais integrais encamiñadas á defensa dos dereitos da persoa.

Artigo 30.- Funcionamento.

Os Consellos Sectoriais, sen prexuízo da súa autonomía organizativa, promoverán un funcionamento transparente, horizontal e contínuo que permita a todas as persoas participar, e cumpriran as seguintes normas xerais de funcionamento:

- a) Reuniranse, como mínimo, unha vez ao ano con carácter ordinario e cantas veces sexa necesario a xuízo do presidente ou presidenta con carácter extraordinario.
- b) As actas dos Consellos remitiranse a todos os membros do mesmo. Ademais, todas as entidades relacionadas co medio poderán solicitar unha copia mediante petición á secretaria/o do mesmo a través do Rexistro municipal.
- c) Tras a súa formación e constitución, cada Consello Sectorial dotarase dun regulamento interno de funcionamento.
- d) O Concello de Culleredo poñerá a disposición dos Consellos Sectoriais a infraestrutura física e dixital municipal para facer posible o desenvolvemento da súa actividade.

CAPITULO II.- O CONSELLO XERAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Artigo 31.- Consello Xeral de Participación Cidadá.

Este Consello é o órgano máis amplo de participación cidadá. A súa finalidade é promover e canalizar unha reflexión conxunta das asociacións e entidades ao redor dos distintos temas que afecten á vida cotiá do municipio, impulsando unha maior corresponsabilidade da cidadanía nos asuntos municipais.

Artigo 32.- Composición.

Este Consello estará composto por:

- Presidencia: o alcalde ou a alcaldesa ou, de ser o caso, o/a alcalde/esa en funcións.
- Vicepresidencia: o/a concelleiro/a de Participación Cidadá ou outro/a concelleiro/a no que delegue.
- Unha persoa representante de cada formación política con representación na Corporación municipal.
- Dous representantes de asociacións de veciños, propostos polas propias asociacións.
- Tres representantes de cada un dos outros consellos sectoriais.
- O/a secretario/a municipal ou a persoa que legalmente o/a substitúa.

Artigo 33.- Funcións.

As súas funcións serán as seguintes:

- a) Informar sobre o plan de actuación municipais.
- b) Informar das consultas populares que se queiran levar a cabo a pedimento do Concello de Culleredo.
- c) Debater e valorar as conclusións dos estudos e traballos sobre temas estratéxicos que realice o Concello.
- d) Debater e valorar os temas de interese xeral que presenten os Consellos Sectoriais.
- e) Promover a participación cidadá nas distintas áreas de xestión.
- f) Fomentar o asociacionismo no Concello de Culleredo.
- g) Recibir información sobre os temas de interese do Concello.
- h) Previa petición, recibir información dos asuntos que se demanden.

C.I.F. P-1503100-H

Artigo 34.- Normas xerais de funcionamento do Consello Xeral de Participación Cidadá.

- Este Consello reunirse o terceiro martes do mes de outubro con carácter ordinario, e con carácter extraordinario tantas veces como sexa necesario a xuízo da presidencia ou a pedimento de, polo menos, 2/3 dos membros do Consello.
- Os acordos adoptaranse por maioría simple.
- Levantarase unha acta de cada reunión na que conste o nome de cada un dos membros que asistan á reunión, os asuntos que se traten e os informes que se emitan.
- Para que o Consello se poida constituír en primeira convocatoria, será necesaria a presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a e da metade mais un do total dos membros. A segunda convocatoria validarase cos membros presentes, nunca inferior a tres, sen contar á Presidencia e á Secretaría.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

- O Consello Xeral de Participación Cidadá poderá crear no seu seo as comisións de estudo que considere oportunas, respectando na súa creación a proporción que haxa no propio Consello.
- O Concello dotará a este Consello Xeral dos medios humanos e materiais necesarios para o cumprimento da súa función.

CAPITULO III.- OS FOROS E OBSERVATORIOS LOCAIS

Artigo 35.- Os Foros e Observatorios Locais.

1. Os Foros e Observatorios Locais son encontros, principalmente de carácter presencial, nunha ou varias datas que se determinen, dos/as responsables municipais coa cidadanía para que esta poida recibir información, presentar e debater propostas en relación a unha determinada actuación pública, actividade ou programa de actuación.
2. Será obxecto dos Foros e Observatorios Locais tratar os temas que afecten a un sector ou ámbito da poboación en concreto.

Artigo 36.- Composición.

Os Foros e Observatorios Locais compoñeranse:

- a) Presidencia: o/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.
- b) Dous representantes das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que estean vinculadas por un interese directo co obxecto que se trate no Foro ou Observatorio Local.
- c) A cidadanía, a título individual, que estea vinculada directamente co obxecto a tratar no Foro ou Observatorio Local.
- d) Por proposta de calquera dos seus membros, e tras a aprobación no Pleno, poderán asistir como asesores/as e/ou observadores/as, concelleiros/as e técnicos/as municipais, así como profesionais ou persoas con especial interese ou coñecemento na materia que se trate.
- e) Secretaría: un traballador/a municipal con voz pero sen voto.

Artigo 37.- Competencias.

Serán competencias dos Foros e Observatorios Locais:

- a) Estudar e analizar a situación da materia que trate o Foro e/ou Observatorio Local no municipio.
- b) Canalar a participación directa na xestión municipal dos asuntos que afecten a máis dunha área de actividade do Concello, das persoas e das entidades afectadas ou interesadas, establecendo para este efecto os mecanismos necesarios de información, estímulo e seguimento das actividades municipais.
- c) Promover a colaboración entre as persoas e entidades vinculadas á temática que se aborda no Foro ou Observatorio Local.
- d) Velar e colaborar no desenvolvemento das políticas e actuacións na materia referente ao Foro ou Observatorio Local.
- e) Participar na toma de decisións sobre as medidas a adoptar polo Concello na temática do Foro ou Observatorio Local:
 - e.1) Escoitando e debatendo as demandas cidadás ao respecto.

e.2) Elaborando propostas en forma de ditames e informes.

- f) Controlar a execución, por parte do Concello, das actuacións que aprobase a partir dos informes que emitise o Foro ou Observatorio Local.

Artigo 38.- Funcionamento.

Os Foros e Observatorios Locais cumprirán as seguintes normas xerais de funcionamento:

- Reuniranse, como mínimo, unha vez ao ano.
- Tomará os acordos por consenso e, en caso de non chegar a tal fin, pola maioría de votos dos membros asistentes. Remitirán acta de todas as reunións aos membros do Foro no prazo máximo dun mes desde a celebración da reunión. Así mesmo, o Concello publicará as actas na súa web municipal.
- O Concello deberá presentar en cada Foro ou Observatorio Local o plan anual de actuacións para o sector correspondente.

CAPITULO IV.- OS ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

Artigo 39.- Orzamentos participativos.

Os orzamentos participativos son unha ferramenta para que os veciños e veciñas de Culleredo interveñan directamente na vida municipal, propoñendo actuacións a realizar polo Concello que impliquen consignación orzamentaria, como forma de mellorar o municipio de Culleredo no seu conxunto e os barrios e parroquias en concreto. Estas propostas de investimento poderán supoñer ata un 25 % do anexo de investimentos do orzamento, sendo o Goberno municipal quen comunique e faga pública a cantidade equivalente a esta porcentaxe.

Artigo 40.- Funcionamento.

- Toda a veciñanza ou as asociacións e entidades cidadás inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que reúnan os requisitos que se sinalan no artigo seguinte poderán achegar proxectos de investimento ata o día 8 de setembro de cada ano, e se este fose inhábil, ata o seguinte día hábil posterior.
- O persoal técnico do Concello avaliará e informará sobre os proxectos de investimento que se presenten e asesorará sobre que propostas poderían pasar a formar parte do proxecto inicial do Orzamento Xeral do ano seguinte.
- Toda a información sobre o procedemento de achega de propostas publicarase na páxina web municipal.

Artigo 41.- Requisitos para participar nos orzamentos participativos.

- As persoas físicas deberán:
 - Ter cumpridos os 18 anos de idade.
 - Estar empadroadas no municipio desde o 31 de decembro do ano anterior.
- As asociacións e as entidades cidadás deberán estar debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

TÍTULO IV: AS ASOCIACIÓNS MUNICIPAIS

CAPITULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 42.- Apoio ás asociacións municipais.

- Os dereitos e accións recoñecidos aos veciños e veciñas de Culleredo neste Regulamento tamén poderán ser exercidos polas entidades cidadás a través dos seus representantes.

2. O Concello fomentará e apoiará o crecemento do tecido asociativo. Para iso, utilizará diversos medios técnicos e económicos, como subvencións, convenios e axuda profesional.
3. O Concello promoverá e fomentará as experiencias de autoxestión de espazos públicos que pon a disposición da veciñanza, tales como os centros sociais.

CAPITULO II: O REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

Artigo 43.- Da obriga de rexistrarse.

Para poder exercer os dereitos que contén este Regulamento, as asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza deberán rexistrarse previamente no Rexistro Municipal de Asociacións.

Artigo 44.- Finalidade do Rexistro

O Rexistro Municipal de Asociacións ten dous obxectivos fundamentais, no marco dunha correcta política municipal de fomento do asociacionismo e a participación cidadá:

- a) Recoñecer ás entidades rexistradas e garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos neste Regulamento e na lexislación vixente.
- b) Permitir ao Concello de Culleredo coñecer en todo momento os datos máis importantes do tecido asociativo da cidade.

Artigo 45.- Requisitos para levar a cabo o rexistro.

Poden inscribirse no Rexistro Municipal de Asociacións as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Carecer de ánimo de lucro.
- b) Estar legalmente constituídas.
- c) Ter o seu domicilio social ou unha oficina delegada en Culleredo.
- d) Ter un dos seguintes obxectivos:
 - d.1) A defensa, o fomento ou a mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas de Culleredo.
 - d.2) Que realicen a súa actividade asociativa no termo municipal de Culleredo, e que poidan ter como finalidade a defensa, o fomento ou a mellora da situación da cidadanía dos países en vías de desenvolvemento ou do Terceiro Mundo.

Artigo 46.- Documentación necesaria para rexistrarse.

As entidades que desexen inscribirse no Rexistro Municipal de Asociacións deberán presentar:

- a) Instancia dirixida ao alcalde ou á alcaldesa coa solicitude da inscrición no Rexistro.
- b) Acta constitutiva asinada por todas as persoas fundadoras en todas as súas páxinas.
- c) Copia dos Estatutos vixentes.
- d) Número de inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia ou no rexistro competente.
- e) Acta ou certificación da última Asemblea Xeral, ou órgano equivalente, na que fose elixida a Xunta Directiva vixente no día da inscrición.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

- f) Domicilio social ou dirección da oficina delegada no termo municipal de Culleredo, así como o teléfono e dirección electrónica de contacto.
- g) Código de identificación fiscal.
- h) Certificado do/a secretario/a da entidade do número de socios e socias, inscritos no momento da solicitude.
- i) Informe anual das súas actividades, salvo as de recente creación.
- j) Orzamento anual da entidade.

Artigo 47.- Resolución da solicitude de inscrición.

No termo dun mes desde a solicitude de inscrición, salvo que esta se tivese que interromper pola necesidade de emendar deficiencias na documentación, o alcalde ou a alcaldesa, ou no seu caso o/a concelleiro/a delegado/a correspondente, decretará a inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Asociacións e notificaráselle esta resolución, co número de inscrición asignado.

Artigo 48.- Modificación de datos e obriga de comunicación.

1. As entidades rexistradas están obrigadas a notificar ao Concello calquera modificación dos datos incluídos na documentación que serviu de base para a inscrición, dentro do mes seguinte ao da data en que esta modificación se produza.
2. As entidades rexistradas presentarán anualmente ao Concello, antes do último día do mes de xaneiro, unha relación das actividades realizadas o ano anterior, así como o número de persoas asociadas a 31 de decembro, coa finalidade de que o Rexistro se manteña actualizado.

Artigo 49.- O Rexistro Municipal de Asociacións.

1. O Rexistro Municipal de Asociación dependará da Concellaría de Participación Cidadá ou a concellaría que, dado o caso, asuma a competencia e os seus datos serán públicos, coas restricións que preveña a normativa vixente en cada momento.
2. Os datos do Rexistro serán enviados, unha vez por trimestre, a todos os servizos e áreas do Concello co obxecto de facilitar a súa relación coas asociacións e entidades cidadás.
3. As certificacións que se expidan sobre os datos rexistrados soamente acreditarán a condición de entidade rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións.

CAPITULO III: A DECLARACIÓN DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES DE INTERESE PÚBLICO MUNICIPAL

Artigo 50.- Declaración de Interese Público Municipal.

As asociacións e entidades cidadás rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións, poderán ser declaradas Entidades de Interese Público Municipal cando cumplan os seguintes requisitos:

- a) Levar tres anos consecutivos inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- b) Que teñan como obxectivo social a defensa dos intereses xerais ou sectoriais das/os veciñas/os e realicen as súas actividades en relación con algún dos ámbitos de actuación municipal.

Artigo 51.- Solicitude de Declaración de Asociación ou Entidade Cidadá de Interese Público Municipal.

As asociacións ou entidades cidadás que desexen solicitar a Declaración de Interese Público Municipal deberán presentar a seguinte documentación:

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

- Instancia dirixida ao alcalde ou á alcaldesa na que se solicite a Declaración.
- Copia da Acta da Asemblea na que se acordou a solicitude da Declaración.
- Memoria das actividades ou servizos que cumpran cos requisitos que establece o artigo 50 deste Regulamento.

CAPITULO IV: MECANISMOS DO CONCELLO DE CULLEREDO PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DO TECIDO ASOCIATIVO.

Artigo 52.- Subvencións e convenios de colaboración.

- O Concello de Culleredo, co fin de apoiar o crecemento e o fortalecemento do tecido asociativo, incluírá no seu orzamento anual unha dotación económica para subvencionar a realización de proxectos ou actividades de interese para a cidade por parte de entidades cidadás.
- O Concello realizará unha convocatoria anual para a concesión destas subvencións ás asociacións e entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións que deberá incluír os criterios para concedelas e para determinar a súa contía, sen prexuízo da existencia doutras convocatorias ao longo do ano. Só poderán ser beneficiarias aquelas asociacións ou entidades queestean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e teñan como obxectivo a defensa, o fomento ou a mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas de Culleredo.
- O Concello de Culleredo, no ámbito das súas competencias, poderá establecer coas entidades cidadás rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións, convenios de colaboración en programas de interese social.
- Nesta materia, estarase ao disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Culleredo; na Lei 38/2003, xeral de subvencións; e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

C.I.F. P-1503100-H

Artigo 53.- Servizos de apoio e asesoramento.

- O Concello de Culleredo proporcionará os seguintes servizos ás entidades rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións, aos colectivos, plataformas e coordinadoras cidadás sen personalidade xurídica e a todos os veciños e veciñas do municipio:
 - Asesoría ó/á novo/a veciño/a, coa función de asesorar á nova veciñanza que se traslade a residir ao municipio, en materia de empadramento, escolarización, servizos sociais e outras materias de competencia municipal.
 - Asesoría para asociacións e entidades sociais. coa función de prestar asesoramento para a súa válida constitución e informar sobre axudas e subvencións e como solicitalas.

Artigo 54.- Espazos de encontro.

O Concello de Culleredo procurará a existencia de espazos de encontro para o tecido asociativo e os colectivos cidadáns.

Artigo 55.- Sensibilización social.

- O Concello promoverá e realizará campañas informativas para o desenvolvemento dos valores solidarios, democráticos e de participación na vida pública, como eixos esenciais da convivencia.
- Promoverase o cooperativismo integral.
- Reforzaranse as políticas horizontais e de consenso.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira

A aparición de novos modelos, experiencias ou sistemas que favorezan a participación poderán ser incorporados a este Regulamento, por proposta do Pleno e/ou do/a alcalde/sa e aprobado polo Pleno da Corporación por maioría absoluta ao ser unha modificación dun regulamento orgánico.

Segunda

O Concello dará a máxima difusión ao contido deste Regulamento utilizando para iso campañas específicas en todos os medios de comunicación municipais.

Terceira

No non previsto neste Regulamento, estarase ao disposto nas seguintes normas: Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local; Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; Lei orgánica 4/2001 reguladora do dereito de petición; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; Lei 38/2003 xeral de subvencións; Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Culleredo; Ordenanza Reguladora da Utilización de Edifícios, Locais e Instalacións Municipais, a lei de transparencia (estatal e autonómica) e a Ordenanza Municipal de Transparencia, Acceso á Información e Reutilización.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Desde a data de entrada en vigor deste Regulamento quedan derogadas todas as disposicións contidas en ordenanzas e regulamentos municipais que se opoñan ao disposto no mesmo. En particular, queda derogado o Regulamento orgánico de Participación Cidadá aprobado polo Pleno o 20 de outubro de 2007, publicado no BOP nº 29 de 4 de febreiro de 2008, o Regulamento do Consello Xeral de Participación Cidadá aprobado polo Pleno de 30 de outubro de 2007, publicado no BOP nº 29 de 4 de febreiro de 2008 e o Regulamento marco dos Consellos Sectoriais aprobado polo Pleno o día 30 de outubro de 2007, publicado no BOP nº 29 de 4 de febreiro de 2008."

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Méndez Sánchez quen, unha vez concedido, di que a participación cidadá é o conxunto de accións a través das cales os cidadáns interveñen na esfera pública xa que mediante a participación cidadá toda persoa ten dereito individual ou colectivo para deliberar, discutir e cooperar coas autoridades públicas; di que o Regulamento que se expón ao pleno revela o compromiso do Concello ante os e as cullerenses para fomentar a participación democrática e a transparencia nos asuntos públicos locais, de acordo co ordenamento constitucional e conforme aos principios da Carta Europea da Autonomía Local e aos artigos 9.2 e 23.1 da Constitución Española; di que o novo regulamento cumpre amplamente co recollido na Lei de transparencia e na lexislación vixente nesta materia tal e como o expresan os informes preceptivos e que o regulamento que se trae ao pleno para a súa aprobación inicial recolle directamente os orzamentos participativos fixando datas concretas para a presentación das propostas veciñais, dotando así ao procedemento dunha maior seguridade xurídica para os veciños e para o Concello, fomentando unha maior participación, xa que non só as asociacións presentarán as súas propostas senón que se abre o proceso de elección de propostas a toda a veciñanza do Concello de Culleredo, facendo así posible que particulares non integrados no tecido asociativo de Culleredo poidan participar no proceso; di que por todo o exposto pide o voto favorable da Corporación a a aprobación inicial do Regulamento que se presenta.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido di que en poucas semanas chegarase ao cuarto aniversario do Sr. Rioboo Castro como alcalde de Culleredo, e que nestes catro anos a veciñanza cullerdense ten ben pouco que celebrar xa que todas e todos poden lembrar como naquelas primeiras semanas do seu goberno prometía "transparencia" (dando a entender a falta dela

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

no anterior goberno), participación veciñal e celeridade na contratación daqueles servizos sen contrato aos que poñía prazo, ano e medio para que todos estivesen regularizados; que catro anos despois, a Corporación municipal atópase nun Pleno que exemplifica á perfección a súa xestión á fronte deste goberno municipal, e di que se aproba unha conta xeral con máis de oito millóns de euros en pagos con reparos suspensivos por omisión de requisitos esenciais, o que quere dicir que, para que todo o mundo o entenda, máis de oito millóns dos doce destinados a pagos de facturas, foron a dedo, sen seguir ningunha das fórmulas de contratación recollidas na Lei de contratos do sector público, un 68%, e pregunta se esa é a transparencia da que o Sr. alcalde fai bandeira, dicindo que ese é o resultado dos seus 4 anos de xestión para a licitación dos servizos públicos prestados en precario.

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que outro exemplo de como este pleno reflicte os seus catro anos á fronte deste goberno é que o equipo de goberno trae unha modificación de crédito para incorporar ao orzamento municipal de máis de cinco millóns de euros do remanente municipal do que tanto se falou no pleno, lamentándose durante anos de que a Lei Montoro non permitía destinar o aforro da veciñanza cullerdense a novos proxectos para o municipio e, cando por fin se abre esa posibilidade, resulta que máis da metade dos cartos que hoxe o goberno municipal quere incorporar ao orzamento son para pagar pufos, máis de dous millóns e medio de euros dos aforros das cullerdenses destinados a pagar condenas de sentenzas xudiciais nas que o goberno municipal non soubo defender os intereses municipais ou nas que ten que asumir as desfeitas do pasado; di que, por suposto, para dita modificación de crédito por valor de 5 millóns de euros non contaron para nada coa participación veciñal, pese a que desde o BNG teñen reclamado, e así o trasladaron, que lles parecía fundamental e un dereito da cidadanía, dispor, cando menos, da posibilidade de expresar a que queren dedicar estes cartos, como mínimo o 25% dos mesmos, como recollen os distintos regulamentos de participación cidadá; di que, falando de participación cidadá, o equipo de goberno presenta hoxe no punto que se está a tratar da orde do día un novo Regulamento Orgánico de Participación Cidadá que ven a poñer paos nas rodas á participación veciñal, unha participación que xamais promocionaron, que xamais facilitaron, que xamais visibilizaron, e que obviamente, pola proposta que hoxe se trae neste punto, queren cortar de raíz, porque ao goberno municipal lle molesta que a veciñanza exerza os seus dereitos de participación, quedando ben retratados cando nun dos últimos plenos negaron a toma da palabra a un veciño que quería facer unha pregunta sobre un asunto do Pleno, posibilidade recollida no Regulamento Orgánico Municipal, ou nas múltiples ocasións nas que teñen desbotado calquera tipo de alegación ou proposta veciñal nos diferentes procesos e expedientes municipais.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa coa súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que o equipo de goberno tampouco é que se estea poñendo espléndido pois o que sucede é que non está máis que recollendo, en termos de dereitos de participación e de acceso á información, o que xa recolle a Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e pregunta se o goberno de Culleredo cumpre con esa Lei ou cos seus propios regulamentos, e di que resulta evidente que non e que a propia oficina da Valeduría do Pobo tenlles sacado as cores con requerimentos por tres e catro veces para que un veciño ou veciña puidese ter acceso á información municipal, tal e como se recolle nos regulamentos municipais e como se di na citada Lei; di que o informe de 2020 da Valeduría do Pobo sitúa a Culleredo como segundo concello de toda Galicia, por detrás da cidade da Coruña, en número de reclamacións ao Concello por incumprimentos no acceso a información municipal; que llo poden preguntar tamén a todas aquelas veciñas e veciños que agardan sen descanso por resposta aos seus requerimentos presentados por rexistro e dos que nunca obteñen resposta, ou daqueles máis de cincocentos veciños e veciñas que presentaron as súas sinaturas solicitando melloras no servizo da auga e seguen sen resposta despois de máis dun ano.

O Sr. Méndez Mosquera pregunta ao goberno municipal que é o que presenta agora, e se se trata dun regulamento que ven a derogar outros tres regulamentos xa existentes, que canda menos contaban cun procedemento claro e definido para a participación veciñal que agora borran, eliminan ou deixan a criterio da interpretación, e pregunta a criterio de quen, indicando que por suposto é a criterio do Sr. alcalde; di que o BNG vai ir revisando diferentes aspectos nos que este novo regulamento restrinxe aínda máis se cabe a participación veciñal e relaciona o seguinte:

- Os prazos de resposta a calquera petición pasan dun mes a 30 días hábiles, un mínimo de 6 semanas.
- A solicitude do dereito a intervención en Pleno limitase até as 14:00 horas do seguinte día hábil á convocatoria do Pleno ordinario no que se pretende participar e pregunta se se lle podería dicir en que

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

momento se fixo pública a orde do día do último pleno municipal ordinario, e di que nunca, preguntando como pretende que se solicite unha intervención en Pleno se non se dá publicidade nin á súa convocatoria nin aos temas que nel se tratarán; di que ademáis engaden a necesidade de presentar un acordo asembleario onde se avale a intervención en nome da asociación representada nesa intervención e di que o Sr. alcalde-presidente é consciente da dificultade de cumprir con este requisito e nun prazo mínimo, de moi poucos días; di que esta é sen dúbida unha estocada a morte para este dereito que nos últimos anos foi utilizada por varios colectivos neste pleno e que agora complican aínda máis se cabe.

- Continúan a recoller a potestade do alcalde ou alcaldesa para establecer unha quenda de rogos e preguntas do público asistente sobre temas de interese municipal que vén recollido no propio Regulamento Orgánico Municipal, e pregunta se pensan cumprilo ou pensan negar esta posibilidade como vén facendo nas últimas solicitudes presentadas por veciños e veciñas do municipio para facer uso desta oportunidade de participación.

- O goberno municipal elimina a posibilidade de que unha Consulta Popular sexa iniciada por iniciativa realmente popular; que no anterior regulamento recollíase esta posibilidade se un 5% da poboación maior de 18 anos así o solicitaba, un feito que el pensa que nunca se deu e que xa de por si era ben complicado alcanzar ese consenso para as veciñas e veciños do noso municipio, cortando agora de cabeza esta posibilidade de participación e deixando só nas mans do goberno municipal a posibilidade de iniciar o procedemento para unha Consulta Popular.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Méndez Mosquera e di que agora se pasa ao completo desmantelamento da mínima estrutura de participación cidadá que existía con regulamentos e procedementos estruturados: os Consellos Sectoriais e o Consello Xeral de Participación Cidadá, que o equipo de goberno maltratou durante anos, retirándoo de funcións e cometidos e utilizándoo para manipular a participación veciñal nos orzamentos; que, por se non fora dabondo con ignorar completamente a existencia destas estruturas de participación veciñal, agora, con este novo Regulamento, se lles retiran funcións e se limita a súa actividade a unha reunión ao ano; que os Consellos Sectoriais e o Consello Xeral de Participación Cidadá son as únicas estruturas recollidas neste Regulamento e nos anteriores, que contaban cunha clara participación da veciñanza, estruturada a través das diferentes asociacións presentes no Concello de Culleredo, cunha composición e un sistema de elección dos seus representantes clara, con regulamentos específicos, unha periodicidade marcada nas súas reunións (aínda que o Sr. alcalde se esquecese habitualmente de convocalas, só cando lle interesaba para celebrar a súa pantomima de presentación de proxectos “veciñais” nunha folliña que o Sr. alcalde denominaba a “nosa proposta” para os orzamentos participativos); di que se esa é a súa forma de entender a participación veciñal, como se di coloquialmente, “apaga y vámonos”, nin este nin cen mil regulamentos servirán para nada.

Continúa o Sr. Méndez Mosquera e di que, con esta proposta de Regulamento, non só retira as funcións principais dos Consellos Sectoriais e Xeral de Participación Cidadá, senón que crea unha nova estrutura de órganos que denomina “Foros e Observatorios Locais” cunha composición aberta, indeterminada e cunhas competencias de moita maior incidencia real que as dos propios Consellos Sectoriais e Xeral de Participación Cidadá como “Participar na toma de decisións sobre as medidas a adoptar polo Concello” ou “Controlar a execución, por parte do Concello, das actuacións que aprobese a partir dos informes que emitise o Foro ou Observatorio Local”, e pregunta se o Sr. alcalde pode explicar a necesidade de duplicar unha estrutura xa existente en detrimento desta para crear unha nova estrutura totalmente nova, con atribucións que poderían asumir perfectamente os actuais Consellos Sectoriais e Xeral de Participación Cidadá, solicitando que por favor se dea unha explicación convincente; di que nesa condena a morte dos Consellos Sectoriais e Xeral de Participación Cidadá eliminase de raíz a actual estrutura para a participación veciñal nos orzamentos, que ao equipo de goberno non lles era suficiente con manipular o procedemento de orzamentos participativos para presentar as súas propias propostas como única posibilidade para a aprobación dos orzamentos participativos dentro do Consello Xeral de Participación Cidadá, sen escoitar as propostas dos membros do Consello e sen seguir o procedemento, ben claro, e recollido nos Regulamentos do

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

Consello Xeral de Participación Cidadá e no Regulamento marco dos Consellos Sectoriais que hoxe pretenden derrogar mediante este novo Regulamento; que non lle era suficiente con invisibilizar esta oportunidade á veciñanza pois nunca, xamais, fixeron nin un aceno de publicidade do procedemento de orzamentos participativos e que tiveron que ser os grupos da oposición, como o do BNG, quenes informasen á veciñanza desta posibilidade de decidir o destino dunha parte do orzamento de investimentos, presentando o equipo de goberno sempre, no minuto de desconto, as súas propostas como veciñais nunha mofa descomunal á participación veciñal da que en momentos como este pretenden facer bandeira.

O Sr. Méndez Mosquera di que o equipo de goberno acordouse de incluír os orzamentos participativos neste regulamento polas propostas veciñais, tal e como indican no seu informe a raíz das propostas para incorporar a ese documento, e que esa mínima estrutura de procedemento para a decisión dos orzamentos participativos eliminase neste novo Regulamento, pois se antes se contaba cun procedemento no que negro sobre branco, aínda que despois o goberno municipal sempre procurase o gris, a veciñanza tiña a posibilidade de tomar a decisión dos proxectos aos que ían dirixidos eses cartos, pregunta agora se o Sr. alcalde pode explicar, neste novo regulamento, quen decide os proxectos aos que se destinan os cartos sobre os que deberían ter a decisión as veciñas e veciños e quen toma esa decisión con este novo regulamento.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Méndez Sánchez quen, unha vez concedido, di que vai comezar por responder á pregunta final sobre quen toma a decisión e di que o propio Regulamento que se presenta di que dita decisión será tomada polos técnicos do Concello e que as propostas que o equipo de goberno trae neste punto da orde do día non son propostas que inventara o goberno municipal senón que foi a proposta dos veciños e veciñas de Culleredo; di que a intervención no pleno ata o de agora no regulamento que actualmente está en vigor non estaba regulada e que agora si o está, garantindo un proceso máis democrático xa que garante aos asociados das asociacións que os representantes que os representen no pleno van expresar o sentir colectivo da asociación que representan e non o seu sentir individual; di que respecto das preguntas feitas polo Sr. Méndez Mosquera están reguladas igual que no anterior Regulamento, ao igual que o tema dos consellos sectoriais, e parece que os que queren coartar a participación dos veciños e veciñas de Culleredo son os membros do grupo político do BNG pois parece que queren que os veciños e veciños de Culleredo, se non pertencen a ningunha asociación, non poidan participar no orzamento.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido solicita de novo o uso da palabra o Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que se os que toman as decisións finais de a onde se destinan eses orzamentos son os técnicos municipais, entón non se trata duns orzamentos participativos pois ata o de agora quen decidía a que se dedicaban os cartos do 25% dos cartos do orzamento de investimento era a veciñanza, independentemente do estudo que teñen que levar dos técnicos municipais; que di que as propostas veñen da veciñanza e que el as leu todas, sendo oito en total, estando a maioría na mesma dirección; di que nun procedemento tan importante como este, de participación cidadá, só se recibiran oito propostas xa fala da falta de publicidade deste procedemento polo que non se pode dicir que o orzamento está feito coas aportacións dos veciños cando só se recibiron oito e basicamente todas no mesmo sentido; di que non está feito coa participación veciñal e non houbo suficiente publicidade; di que non sabe se leu o actual regulamento de participación cidadá porque a participación no pleno por suposto que está regulada no actual e vixente regulamento de participación cidadá e que o que fai o novo regulamento é poñer maiores dificultades a esa participación, tanto polos límites para a solicitude dese dereito pois como ben sabe o equipo de goberno pasa a ser do día hábil anterior á celebración do pleno ás dúas da tarde do seguinte ao da convocatoria, véndose claramente a diferenza, e pregunta cando se dá publicidade ás convocatorias dos plenos, e pon como exemplo o último, e di que nunca se dá; di que é evidente que a concelleira que propón a aprobación deste novo regulamento nunca leu nin o anterior regulamento nin os regulamentos dos consellos sectoriais nin o regulamento do consello xeral de participación cidadá pois se o tivese feito sabería que o que está a facer o novo regulamento cuxa aprobación se propón é deixalo sen funcións e construír unhas novas estruturas que se non de feito de facto veñen a substituílos e

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

que se acuse ao grupo político do BNG de non querer facilitar a participación veciñal cando o goberno municipal non foi quen nunca xamáis de dar publicidade a todas estas posibilidades de participación veciñal, pois tiveron que ser os grupos da oposición os que fixeron esa publicidade, non amosa nada máis que falta de confianza no texto que se propón e que teñan que defendelo acusando a outros das fallas do seu propio texto, engadindo que o grupo político do BNG non pode apoiar este novo regulamento e que o que vai facer o seu grupo é dar novamente publicidade para que durante o proceso de exposición pública do regulamento a veciñanza poida de verdade defender os seus dereitos e facer alegacións ao texto.

A continuación solicita o uso da palabra a Sra. Méndez Sánchez quen, unha vez concedido, di que o borrador do novo regulamento de participación cidadá foi exposto ao público desde o día sete ao día vinte e nove de outubro.

Intervén o Sr. Méndez Mosquera e di que o seu grupo xa sabe do que vén de dicir a Sra. Méndez Sánchez, ao igual que os oito que presentaron alegacións pero que outra cousa é que o equipo de goberno faga publicidade desa exposición pública que é o que debera ter feito, porque Culleredo estivo durante moito tempo á vangarda dos orzamentos participativos e agora, por desgraza, está quedando moi atrás e calquera veciño que estea escoitando esta sesión sabe perfectamente que se poden escoitar na radio cuñas publicitarias doutros concellos invitando á súa cidadanía a participar nos proxectos de orzamentos participativos incluso por importes moito menores que os que ofrece o Concello de Culleredo e di que ao seu grupo xa lle gustaría escoitar as mesmas cuñas publicitarias para que a xente participe no proceso de orzamentos participativos do Concello de Culleredo; di que o equipo de goberno nunca, xamáis, fixo publicidade, e aclara que non se refire a expoñer publicamente, porque isto é un requirimento legal, un dereito dos cidadáns que o citado texto estea exposto ao público, senón a que o goberno municipal faga publicidade desa exposición pública e da posibilidade de participar da cidadanía da vida pública e política, pois iso é facer publicidade, non expoñer un documento.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que o regulamento que se presenta está inspirado no regulamento aprobado pola FEMP (a Federación Española de Municipios), sendo unha das principais fontes de inspiración do mesmo e que o anterior regulamento data de 2008 e que ao final os que deciden o orzamento son os representantes municipais que están no equipo de goberno co voto da veciñanza; di que desde o 2013 ata o ano 2021, exceptuando o ano da pandemia, son os anos nos que a cidadanía do Concello de Culleredo máis participou, porque desde o ano 2007 ata o ano 2013, nos que gobernou tamén o BNG, nos que o Sr. alcalde era concelleiro, non se convocou nada, só dous consellos sectoriais no 2008; di que nunca houbo máis participación en Culleredo que a que hai desde que el goberna.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que o que non había antes de que o BNG formara parte da Corporación era un regulamento de participación cidadá e que, cando o BNG cogobernou foi o momento no que se redactou o regulamento de participación cidadá; di que o equipo socialista non lle vai dar leccións ao BNG sobre este tipo de cuestións e que os veciños e veciñas de Culleredo saben que o seu grupo político pelexa día a día para que todos poidan participar no pleno e en todos os órganos que lle son de lei e que aparecen marcados no regulamento de participación cidadá do Concello de Culleredo polo que acusar ao BNG de non facilitar a participación veciñal non fala mal máis que do equipo de goberno.

Responde o Sr. alcalde e di que está claro que unha cousa é predicar e outra dar trigo e que o BNG aprobou un regulamento no 2008 e nunca convocaron os consellos sectoriais e que el foi concelleiro desde o 2007 ata o 2013 e so foi convocado un ano aos ditos consellos, sendo os mesmos que redactaron o regulamento os que decidiron non convocalo porque lles molestaba que a oposición, da que el formaba parte nese momento, puidera incitar á cidadanía non sabe a que; di que o BNG pode dicir que son os mellores facendo regulamentos ou promovendo a participación cidadá pero que o feito é que desde o ano 2008 ata o ano 2013, non se convocou practicamente

ningún consello sectorial privando ás asociacións veciñais de coparticipar co goberno municipal; di que el leu os regulamentos dos Concellos nos que goberna o BNG e que non distan moito do que hoxe se presenta na sesión para a súa aprobación inicial.

O Sr. Méndez Mosquera solicita o uso da palabra e, unha vez concedido, pregunta se o Sr. alcalde sabe cantos consellos se convocaron desde que el é alcalde, que é o responsable de convocar ditos consellos.

Responde o Sr. Rioboo Castro e di que si e que foron todos.

O Sr. Méndez Mosquera di que se se le o regulamento do Consello xeral de participación cidadá vese que ten que ter reunións trimestrais e lle pregunta ao Sr. alcalde cantos convocou ao longo deste ano.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que os convocou todos.

O Sr. Méndez Mosquera pregunta cantos; di que catro por catro son dezaséis e pregunta destes dezaséis cantos convocou.

O Sr. alcalde-presidente responde que todos e lle di ao Sr. Méndez que lle vai dar outro dato pois non se poden aprobar os orzamentos municipais se non se reúne o Consello Xeral de Participación Cidadá e que o grupo político do BNG, cando cogobernaron, nin iso facían.

C.I.F. P-1503100-H

O Sr. Méndez Mosquera di que o que vén de dicir o Sr. alcalde é mentira e insiste en preguntar cantos dos dezaséis foron convocados.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que repite que unha cousa é predicar e outra dar trigo.

O Sr. Méndez Mosquera insiste e pregunta cantos dos dezaséis foron convocados.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a maioría seguro que foron convocados e que, se non foron todos, o que é seguro e que foron moitos máis dos que se convocaron no cogoberno do BNG.

O Sr. Méndez Mosquera di que el nunca foi alcalde e que non era competencia súa convocar ningún consello e pregunta novamente cantos convocou o Sr. alcalde.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que todos os anos os convoca.

Pregunta o Sr. Méndez Mosquera se se convocaron os dezaséis, todos trimestralmente, e di que neste ano aínda quedan uns cantos por convocar.

O Sr. alcalde lle di ao Sr. Méndez Mosquera que parece que leve a máscara de adorno e o Sr. Méndez Mosquera lle di ao Sr. Rioboo Castro que parece que cre que o micrófono serve para mentir pois el fixo unha pregunta moi sinxela e non se lle responde.

O Sr. alcalde-presidente di que el é un profesional da comunicación e que a el o micrófono sévelle para contar a verdade e que o Sr. Méndez Mosquera fai moita demagogia cando colle o micrófono e predica sen dar trigo.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada de Participación cidadá, Educación e Medio rural, de data 1 de setembro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González,

Votos en contra: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: dúas (2), dos/as Sres./as: García Gorostizu e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada de Participación cidadá, Educación e Medio rural, de data 1 de setembro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

2.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE CULLEREDO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2020.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data dezoito de outubro de dous mil vinte e un (código de documento UIT15I00UQ), que transcrita di:

“1.- Visto que a Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio económico de 2020, formada pola Intervención municipal e rendida polo Presidente foi informada pola Comisión Especial de Contas celebrada o 27 de agosto de 2021 (Ditame código de documento USG15I02VO, de data 31 de agosto de 2021).

2.- Visto que en data 3 de setembro de 2021 publicouse o anuncio de exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 168),

3.- Visto que durante o período de exposición ao público presentáronse reclamacións á Conta Xeral do exercicio 2020 cos seguintes números de Rexistro Xeral de Entrada: 2021/9859, 2021/9860, 2021/9862, 2021/9880, 2021/9891, 2021/9901 e 2021/9943.

4.- Visto o informe de intervención de data 4 de outubro de 2021 (código de documento UIT15I00TV) e corrección de erro de data 4 de outubro de 2021 (código de documento UIT15I00TZ).

5.- En data 7 de outubro de 2021 a Comisión Especial de Contas informa favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2020.

PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Rexeitar a totalidade das reclamacións presentadas polos motivos que se expresan no informe da intervención.

Segundo.- Aprobar a Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio de 2020.”

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que formada e rendida a conta xeral do exercicio 2020 e informada pola Comisión especial de Contas o día 27 de agosto de 2021 publicouse o anuncio de exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia do 3 de setembro e durante o período de exposición pública presentáronse sete reclamacións á Conta xeral; di que, á vista das mesmas, a interventora municipal emitiu un novo informe no que di que non procede a estimación das reclamacións presentadas pois según expón a Conta Xeral formouse pola interventora xeral con base na información contable, que todos os aspectos pertinentes relativos á mesma foron obxecto do informe que a acompaña e que non é obxecto da Conta Xeral nin do seu informe a valoración de aspectos que non se deriven da información contable; di que, con base nese informe da interventora xeral a Conta xeral foi informada de novo favorablemente na Comisión de Contas, propoñéndose agora ao pleno como punto primeiro rexeitar a totalidade das reclamacións presentadas polos motivos que se expresan no informe da Intervención e como punto segundo aprobar a Conta Xeral do Concello de Culleredo correspondente ao exercicio de 2020.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, lle pide ao Sr. alcalde que cando fale do cogoberno do BNG en Culleredo fale tamén de quen era o alcalde nese momento e de como foi o actual alcalde o que pactou despois co anterior alcalde a pesar de estalo facendo tan mal nese cogoberno.

Responde o Sr. Rioboo Castro e di que por algo sería.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido di que, centrándose na Conta Xeral, hai que felicitar á veciñanza que presentou alegacións porque presentar alegacións é un dereito e sexa cal sexa o sentido das alegacións, que un veciño ou veciña que non estea conforme o poña por escrito e o someta a contraste dos órganos que deciden debe ser ben recibido, falando outra vez de participación, un dereito da veciñanza a participar e dicir como se ve a conformación da conta xeral do ano anterior que é o que se vén deliberar na sesión; di que tamén hai que dicir que as alegacións non falan de calquera cousa pois están pedindo unha auditoría, farta xa a veciñanza de escoitar que o equipo de goberno usa os cartos de Culleredo coma quen os colle dun saco, ao seu antollo, a dedo, podendo confirmarse isto na revisión da conta xeral 2020, agora que por fin se conseguiu que se colgase na páxina web e calquera puidera descargarlo, algo lóxico e obrigado por lei; di que o que puideron ver os veciños que descargaron a documentación do pleno é que hai 248 reparos da Intervención, por un importe total no 2020 de oito millóns oitocentos mil euros dun total de doce millóns de gasto contratado; que 2/3 do que gasta o Concello de Culleredo vai a dedo, de forma ilegal, sen cumprir os requisitos esenciais que determina a Lei, representando tanto como toda a recadación do IBI, 200€ de cada veciño gástanse a dedo, fraccionando contratos para repartilos sempre ás mesmas empresas sen ter que pasar por concursos legais e sexan adjudicados ás mellores ofertas e ás máis beneficiosas para a veciñanza, pagando facturas segundo chegan pola porta de servizos que ninguén se fai responsable de ter contratado; di que tanto a interventora como a secretaria avisan reiteradamente de que a contratación verbal está prohibida pero ao equipo de goberno lle dá igual e calquera cousa serve con tal de ter un sistema clientelar, polo que claramente, a veciñanza vaise fartando, por que ademais de ilegal, é ineficaz para dar resposta ás necesidades veciñais, véndose ben nas alegacións e por exemplo na prensa estes días ao presidente da Asociación de veciños de Orro como están as cuestións pendentes nese rueiro, ou como fala un veciño da Corveira dun rueiro que calquera pode ir comprobar que dista moito de calquera rueiro aceptable hoxe en día; que o que si houbo foron 46.000€ para publicidade e propaganda, e con iso van tapando o que non queren que saia á luz, sendo curioso que eses 46.000 euros de publicidade e propaganda se utilicen non se sabe para que e que non sexa, tal como indicou o Sr. Méndez Mosquera fai un momento na súa intervención, para darlle publicidade e propaganda a aquelas cuestións de relevancia de coñecemento veciñal.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que, indo xa coa Conta Xeral, o equipo de goberno fai cada ano un copia e pega pois para o goberno municipal non é máis que un trámite xa que ten maioría absoluta e non vai ter problema en que as súas tropas o aproben acriticamente, sendo ben que saiban que o copia e pega é tan burdo, que o equipo de goberno segue poñendo ano a ano na memoria que elabora a Alcaldía que Culleredo vive do sector primario e secundario principalmente, ou que presta a maioría dos servizos de xeito directo; di que o grupo político do BNG non vai quedar na anécdota porque hai moito miolo neste asunto como para quedar nas anécdotas pois dos oito millóns gastados a dedo e reparados pola Intervención, seguramente non lles é descoñecida a doutrina que se vai creando ao respecto desde as últimas reformas normativas, non valendo xa con levantar o reparo e pagar pois procede facer revisión de oficio e, como mínimo, hai que descontar o beneficio empresarial que se está cargando nesas facturas e que non correspondería pagar, cifrando a doutrina ese beneficio que non habería que pagar nun 6% do importe do pagado nos contratos a dedo, e pide que se boten contas pois dos oito millóns un 6% vén sendo case medio millón de euros que o equipo de goberno estivo pagando ás empresas ás que lles pagan sen contratos previos; di que hai que poñerse con ese tema pois son moitos cartos que darían para facer moitas cousas en Culleredo e que o grupo do BNG non vai permitir nin un euro pagado nesas circunstancias.

O Sr. Chouciño Garrido di que, a maiores, está a cuestión que o seu grupo leva anos reclamando pois hai servizos sen contratar que empezan a derivar en cuestións totalmente preocupantes coma o servizo de auga potable, a limpeza viaria, a asistencia a domicilio, a xardinaría, etc; que hai tamén obras sen recibir como o pavimento no Residencial A Ría, a escollera do río Trabe, as baldosas do paseo marítimo, a cuberta do parque das Brañas, sen que ningunha delas mereza a máis mínima mención na memoria da Alcaldía, todas elas abertas ao tránsito malia que o concelleiro de obras e medio ambiente ilustrou no último Pleno do seu coñecemento de que non pode ser así, de que as obras non recibidas non poden estar abertas ao tránsito, e nada de todo isto merece unha liña na

26 de 39

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

memoria da Conta Xeral; di que as concesións administrativas frustradas, como A Garrocha, onde o goberno municipal non dá rematado a liquidación e onde parece que o resultado vai multiplicar varias veces os 360.000€ que debe a exconcesionaria a Culleredo por non pagar o canón, ou o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo, en Ledoño, que pasou de que lle debía ao Concello de Culleredo un millón douscentos mil euros a que lle deba o Concello ao CLT millón e medio, todo isto sen que mereza unha mención na memoria, sendo todos feitos relevantes da situación económica que se vai desprendendo de 2020, algúns deles feitos coñecidos a posteriori pero, tal como establece o plan contable, teñen que ser mencionados na Conta Xeral no momento de elaborala; di que, por se fora pouco, hai outra cuestión, cal é a liquidación do Centro Loxístico de Transportes que non estaría incluíndo un crédito a favor do concello por varios centos de miles de euros en concepto de impostos que non se terían pagado, que poderían estar prescritos pero do que o equipo de goberno nunca fala do estado de tramitación malia telo solicitado e advertido da súa posible caducidade sen actuar en consecuencia; que o documento que lle remitiron no día da sesión, malia estar casualmente incompleta a información, vai nese sentido, procedendo que neste procedemento se determinen responsabilidades, pois xa está ben de tanta sangría; di que o do Centro Loxístico de Transportes daría para un Pleno monográfico e di que nalgún momento debería facerse, preguntando a continuación cando se vai recuperar o aparcadoiro de camións que debe estar rentando centos de miles de euros anuais a quen o explota a pesar de que debería ser propiedade municipal como recorda a xuíz que sentenciou sobre a cuestión do litixio cando a exconcesionaria pedía unha barbaridade na liquidación, sendo moi curioso que se estean reclamando cartos cando non se entregou o que se tiña que entregar.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e pregunta como pode ser que o equipo de goberno tivera unha estratexia respecto da liquidación recorrida por OBRALAR, e recorda as palabras da Sra. Marta Iglesias relativas a que había unha estratexia pola que non ían recorrer a sentenza pero que ían opoñerse ao recurso da outra parte porque non lles chegaba e reclamaban máis e agora o Concello ten que pagar millón e medio, e a vara pescando, polo que procede que se determinen responsabilidades; di que non sabe se teñen resposta á pregunta que fixo na derradeira comisión informativa de Facenda e pide que si a teñen que por favor a dean no pleno e que aquí procede depurar responsabilidades porque isto non hai economía que o aguante xa que se está a falar continuamente de perdas de centos de miles de euros, con múltiplos de cinco ceros; di que por todas estas cuestións de ningunha maneira se pode aprobar unha conta xeral que vai nos termos expostos e que incluír na memoria os feitos relevantes, incluso aqueles posteriores, é obrigado pola normativa contable; di que se unha empresa que cotiza en Bolsa tivera as contas ocultando toda esa información na súa memoria debera ser sancionada e que o Concello non debería ser menos; di que a Conta Xeral ten como fin coñecer o estado do patrimonio a día 31 de decembro do ano que se cerra e que sen toda esa información o ano está incompleto; que están totalmente de acordo cos veciños cando din que en Culleredo fai falta unha auditoría en profundidade de varias cuestións e que estaría ben que se solicitara ao Consello das Contas e actuar en consecuencia.

Di que se o equipo de goberno quere que o grupo político do BNG aprobe as contas debería levar ese acordo plenario de solicitar esa auditoría nas contas nos termos que solicitan os veciños.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que no punto que se está a tratar da conta xeral só se vota o procedemento e non o contido polo que o seu grupo político se absterá na votación pero dará a súa visión do contido e do que se pode extraer da conta xeral; di que vai intentar explicar todo isto para que os veciños que están escoitando vexan o estado no que se atopa Culleredo gobernado por unha maioría absoluta socialista; di que os presupostos presentados no 2020 cumprían a estabilidade esixida entre os gastos e os ingresos e que eran equilibrados, coincidindo os ingresos cos gastos.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que vai argumentar sobre cinco puntos: os gastos, os ingresos, os reparos de Intervención, o período medio de pago a provedores e as alegacións presentadas; di que se ve, analizando o tema dos ingresos, que a súa execución é baixa, pois só se puido ingresar o 65% do presupostado, avisando xa no pleno dos presupostos que eran uns presupostos esaxerados e irrealis e agora ponno de novo de manifesto a interventora dicindo que as previsións que se fixeron dos ingresos foron elevadas, tratándose dun orzamento cos ingresos inflados, como proba o feito de que só se executara o 65%.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

Respecto dos gastos di que os tres capítulos importantes son persoal, correntes e investimentos e que, en función das previsións de ingresos e os gastos de persoal e correntes que hai, preséntanse uns investimentos; di que a execución do presuposto de gastos é unicamente do 60%, unha execución tamén baixa do presuposto e que, fixándose no capítulo 6, que é o de investimentos, os datos son peores pois aparece unha porcentaxe de execución de investimentos do 16%; que parece que só se licitou e se asinaron contratos por importe do 31% do orzamento e disto só se conseguiu executar o 16% e, dirixíndose aos veciños de Culleredo, di que oíron ben, que o equipo de goberno, con maioría absoluta, só conseguiu executar o 16% do planificado, unha porcentaxe moi mala que pon de manifesto que no presuposto de gastos se inclúen partidas que despois non se xestionan, porque non se consegue executalas, unha porcentaxe baixísima, enténdéndose agora cousas como que por exemplo na prensa saía sempre o Sr. alcalde anunciando as mesmas obras, seguindo unha e outra vez co mesmo porque o goberno municipal non é capaz de facer nada e, a pesar de contar con maioría absoluta, a parálise é total, con niveis de execución de concellos de 15.000 habitantes; di que o seu grupo considera que unha das causas desta nefasta capacidade de xestión é o pouco tempo que o Sr. alcalde-presidente lle dedica ao Concello porque se a xestión fora boa e o Sr. alcalde fose un fenómeno non habería problema en que asistise como asiste á Deputación, á Fegamp e a todo o que queira pero, á vista do resultado, o que se demostra é a necesidade de que lle adique máis tempo ao Concello e, dirixíndose ao Sr. alcalde, pregúntalle canto tempo fai xa que non asiste a un pleno, a unha xunta de goberno ou a unha comisión e lle di que ao seu grupo lle gustaría que a súa axenda fóra pública para ver a que dedica o tempo porque con esta xestión queda claro que a Culleredo non llo está dedicando.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que, respecto do tema dos reparos a interventora indica que redactou 248 reparos suspensivos, por omisión de requisitos necesarios ou por non cumprir os procedementos de contratación ou de persoal; di que estos reparos supoñen máis de oito millóns de euros e que, se se considera que as obrigas recoñecidas foron de 19.600.000 euros, iso supón que o 42% dos gastos que se executaron foron con reparo, á marxe da lei e lle di ao Sr. alcalde que, se no 2019 Culleredo bateu o record cun 33% do orzamento de gastos que non seguiron o procedemento establecido na lexislación e que foron obxecto de reparos pola intervención municipal do Concello, no 2020 chegouse ao 42%, e lle di ao equipo de goberno que coa súa xestión están facendo bo a Sacristán; di que á situación que vén de expoñer hai que sumarlle os contratos prorrogados tacitamente sen capacidade nin vontade política de aprobar e sacar a concurso servizos municipais básicos, e que nada ten contrato, nin o abastecemento de auga, que leva 30 anos xa coa mesma empresa, nin a limpeza de parques e xardíns, nin a axuda a domicilio, e lle pregunta ao Sr. alcalde que confianza merece o equipo de goberno se non é quen de dar cobertura aos servizos municipais que se están prestando neste momento de forma contraria á legalidade, beneficiando ás mesmas empresas en detrimento doutras e en detrimento dos veciños de Culleredo que teñen que pagar máis por servizos que se prestan con contrato noutros concellos a menor prezo e di que isto é vergonzoso e lle solicita que lle acheguen o listado de reparos cos motivos de cada un deles que se inclúe na conta xeral e que o equipo de goberno envía ao Consello de Contas.

Segue a súa intervención a Sra. García Gorostizu e di que, se cos reparos o Concello foi a peor, agora parece que tamén foi a peor co período medio de pago pois se no 2020 o dito período cúmprese, dicindo a interventora que foi de 14 días, nos últimos trimestres, e concretamente no último trimestre publicado, o 2º trimestre do 2021, pódese ver que aumenta e se cifra en 28,72 días, segundo a páxina do Ministerio, resultando sorprendente que en seis meses se duplicara o período medio de pago; di que ao seu grupo lle parece sorprendente esta subida e pregunta que fai o goberno municipal coas facturas que lles chegan pois resulta moi chamativo que tendo fondos líquidos non se realicen os pagos e que se peche o ano a 31 de decembro, con un millón case trescentos mil euros pendentes de pago, o que pon de manifesto, posto que hai cargos, a mala xestión dos pagos ou a falta de axilidade na tramitación pois non pode ser que, habendo cartos, quede o 6% do presuposto pendente de pagar a 31 de decembro.

Respecto das alegacións presentadas polos veciños, a voceira do grupo político popular di que a maioría solicitan unha auditoría das contas ao Consello de Contas e que o informe da interventora indica que ela non ten competencia para pedir dita auditoría pero non di que non se poida pedir; di que desde o grupo político popular apoian a proposta dos veciños para unha auditoría e lle pregunta ao equipo de goberno que medo ten e lle di que se o fan todo ben, unha auditoría calaría a boca da oposición polo que lle pide ao goberno municipal que acepte a auditoría do Consello de Contas

De seguido solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG- PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que non sabe se todos os membros da Corporación viron a mesma Conta Xeral pois ninguén fala dos resultados positivos que desprende como se iso non lles interesara; di que o que a Conta Xeral do 2020 pon

28 de 39

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

de manifesto é que Culleredo goza dunha boa saúde financeira, e que o resultado presupostario do exercicio é de 1.578.375,45 euros, que o equilibrio presupostario, o que antes era a capacidade de financiamento que agora non está limitada, é positivo, de 1.366.288,61 euros, e o remanente de tesorería dispoñible, unha vez realizados os correspondentes axustes, é de 10.301.270,21 euros; di que o periodo medio de pago a provedores é de 14,45 días, o que está dentro dos límites previstos; que todas estas magnitudes económico-financieiras o que demostran é a boa saúde financeira do Concello: equilibrio presupostario positivo, remanente de tesorería positivo, cumprimento do periodo medio de pago a provedores; di que a Conta xeral contén toda a información establecida pola instrución de contabilidade e a Lei de Facendas Locais, e foi informada favorablemente pola interventora xeral; que é a interventora a que realiza as contas e o fai según os criterios contables establecidos para iso, sendo a Conta xeral a imaxe fiel do resultado contable; di que tal como dixo a Sra. García Gorostizu na súa intervención, ao pleno non se vén a valorar a xestión, senón a dar conta, sendo isto un resultado contable; di que algúns tratan de introducir no debate cuestións que nada teñen que ver coa aprobación da Conta Xeral, tratando só de confundir aos cidadáns.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que a Conta Xeral que se presenta non admite ningún tipo de discusións e que, de todas formas, polas intervencións feitas, aínda que non formen parte do debate correspondente a este punto, non pode quedar calada pois en cada unha delas se fai referencia aos reparos, sobre os que di a Sra. Iglesias Becerra que están aí porque os houbo e porque se levantaron para facer cousas en favor dos veciños e veciñas de Culleredo, e que isto ocorre en todos os concellos de Galicia porque en todos hai reparos, e pregunta se nos concellos onde gobernan partidos políticos que en Culleredo forman parte da oposición non hai reparos; di que si porque coa lexislación actual é imposible tramitar todos os contratos porque se así fora paralizaríase o Concello e que ela non sabe se os cidadáns saben que para comprar unha bombilla é preciso facer unha memoria e pedir tres presupostos e, unha vez que se adxudique ao mellor postor, aínda vai haber un reparo, seguindo sempre a tramitación prevista legalmente para levantalos; que respecto á liquidación do CLT, sobre a que aos membros da oposición lles gusta moito falar en todos os puntos, di que non se está perdendo nada e, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, di que non hai nada prescrito e que está en fase executiva de recadación na Deputación, revertindo eses cartos no Concello no momento en que haxa cartos na masa do concurso de acredores; que os membros da oposición tratan de facer ver sempre que no Concello se fan as cousas mal sobre a liquidación do CLT e o que o equipo de goberno fai é cumprir cunha sentenza e porque despois da resolución do contrato con Obralar, que era a concesionaria, houbo que facer unha liquidación que é o que se está facendo, o que o xuíz di, recibindo o Concello uns bens; di que respecto do periodo de pago aos provedores sábese que se estivo cunha pandemia, cun periodo no que todos estaban confinados, e que xusto nese periodo marchou a tesoureira municipal porque lle adxudicaron praza noutro sitio, polo que foi nese periodo de tempo no que se demorou un pouco o pago a provedores pero a situación de Culleredo é que sempre foi un exemplo no periodo de pago a provedores; di que respecto do que se dixo de que en Culleredo hai pouco investimento non sabe se quen o dixo estaba no pleno cando se dixo que non se podía contratar porque houbo un periodo de tempo durante a pandemia no que non se podía contratar e non se podían levar a cabo os contratos, sendo iso o que demorou os investimentos que agora se están levando a cabo e que se incorporarán como remanentes, sen que se perda nada; di que todo o que vén de dicir non o tería que dicir neste momento pero que o fai por alusións e para que os veciños se enteren de que as cousas non son como di a oposición e que a conta xeral demostra unha boa xestión por parte do Concello e que por iso piden a aprobación da mesma.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o equipo de goberno presume de superávit e din que ese superávit é un signo positivo que indica que as cousas van ben cando non é así pois o lóxico sería quedar a pre ou un pouquiño por riba ou por baixo, conseguindo investir todo o carto do que se dispón nas necesidades veciñais; di que quedar por baixo significa que se gasta demasiado e quedar por riba, con superávit, significa que o equipo de goberno non foi quen de gastar os cartos recadados; pide que o goberno municipal non presuma do que representa un fracaso; di que respecto do periodo medio de pago non entende que se pretenda dar validez ao periodo citado e pregunta se se quere facer unha enquisa entre os empresarios que traballan para Culleredo e ver o rápido que se cobra; que se todo está sen contrato e as facturas chegan cando chegan (algunhas propias da celebración de actos de Nadal chegan en agosto) non serve de nada dicir que se paga en seis días pois non é normal que prestándose o servizo no Nadal chegue a factura no mes de agosto e supón que como este, se poderían poñer moitos máis exemplos, non sendo posible darlle fiabilidade ao periodo medio de pago cando de doce millóns, oito e pico, dous terzos do que se gasta en bens e servizos, está nas condicións ditas; di que o summun é cando a concelleira Sra. Marta Iglesias di que todos os membros da oposición fan alusión aos reparos e di que como é unha cuestión relevante non lle mola ao equipo de goberno que se fale dela como se fora unha cousa trivial, non dándolle importancia a que de doce

29 de 39

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

millóns oito e pico se gasten irregularmente; que o mesmo sucede coa liquidación do CLT, sobre a que a Sra. Iglesias Becerra indicou que os membros da oposición preguntan sempre, e pregunta se para o equipo de goberno supón algo trivial todo o itinerario do Centro Loxístico de Ledoño que se contrata no 99 e no 2004, cinco anos máis tarde, o equipo de goberno acórdase de pedir un informe sobre que parcelas deben revertir e cales non; di que Culleredo quedase co cascallo cando hai xa un informe da secretaria municipal onde se indica que debería ter revertido todo e que o Centro Loxístico de Transportes debería ser municipal a día de hoxe; di que ao equipo de goberno non chegádlle co que vén de expoñer, segue cun itinerario totalmente bárbaro no que se fai unha liquidación e non se sabe a quen se lle ocorre meter os bens no inventario por importes distintos aos que se tiña liquidado e agora resulta que se dá pé a que se gañe a sentenza; que o equipo de goberno di que no rescate da concesión os bens valen "x" e despois no inventario métennos por moito máis que "x", sendo esa a baza de que lle deran a razón e lle pregunta á Sra. Iglesias Becerra, se non foi esa, cal foi a razón de que dun millón e pico que lle tiña que pagar a concesionaria ao Concello resultara que agora sexa o Concello o que lle teña que pagar a concesionaria ese millón e pico, sendo a cantidade, redondando, de dous millóns e medio de euros os que se pasa a perder na operación; que este é o motivo polo que os membros da oposición meten sempre o CLT en todos os puntos; di que non sabe se alegrarse ou non do comentario feito pola Sra. Iglesias Becerra, sobre que a recadación do imposto citado atópase en fase executiva, porque desde o 2016, se está en fase executiva, é que é unha débeda líquida e por iso o grupo político do BNG di que lle sorprende que non se inclúa na liquidación do Centro Loxístico porque sería un crédito recoñecido a posteriori e que se podería ter incluído na liquidación, e solicita explicación disto.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que lle encantou a explicación dada pola Sra. Iglesias Becerra sobre a bombilla cando dixo que coa lexislación actual é imposible cumprir con todo e pregunta se dicindo con todo implica que dea igual incumplir coa metade que cos dous terzos do gasto posible; que se non se pode comprar unha bombilla como o equipo de goberno quere, entón xa se poden gastar oito millóns de doce da mesma maneira, e di que hai que ter valor para facer dito comentario porque sendo el concelleiro no mandado anterior aprobouse un convenio marco da Deputación polo cal se podían comprar bens de pequeno importe, como bombillas, a través do convenio marco da Deputación onde había unha serie de provedores e cos que non habería ningún problema para facer ese gasto pero o equipo de goberno prefire comprar as bombillas onde quere e como quere, sen importarlle xa a cantidade que se gaste irregularmente, como se todo dera igual; di que o gordo dos reparos non son as bombillas senón o servizo de auga potable, os pagos do servizo de xardinaría, os pagos pola limpeza viaria; que fai pouco a concelleira de Contratación dixo que en breve se ían poñer xa cos contratos e o Sr. Chouciño Garrido indica que o contrato do servizo de limpeza viaria leva dous anos xa publicados no Diario da Unión Europea, polo que non se trata de que o teñan que preparar pois xa os pregos están publicados e o único que ten que facer o goberno municipal é impulsar dito contrato e poñelo en marcha, non sendo entendible que esta licitación estea publicada e non se leve a cabo.

O Sr. Chouciño Garrido di que o seu grupo comparte o criterio dos veciños sobre que en Culleredo é necesaria unha auditoría e que o seu grupo considera que habería que remontarse a tres anos atrás, solicitando que se inclúa como emenda que se faga unha auditoría nos termos que solicitan os veciños nas súas alegacións.

A continuación solicita novamente o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a resposta dada pola Sra. Iglesias Becerra aínda a deixou máis preocupada porque a análise xeral que fai esta concelleira é sobre o ben que o está facendo o equipo de goberno cando o que procedería sería facer exame de conciencia e á vista dos resultados facer unha interpretación e valoralos porque se ter dez millóns de remanente é mellor que telos de débeda, a cuestión sería saber por que se teñen eses dez millóns de remanente e se o motivo é que o equipo de goberno non é capaz de licitar e de executar no período no que o teñen que facer hai un problema porque isto queda de remanente e agora pódese gastar pero se non fora este o caso quedaría só como un aforo nas contas; di que a cidadanía ten que saber que o equipo de goberno non é capaz de executar un presuposto, que non é capaz de gastar en investimentos máis que o 16% do que estaba establecido, pagando máis polos servizos que noutros concellos nos que as mesmas empresas o fan máis barato porque teñen contrato, amosando que o equipo de goberno ten unha capacidade de xestión cero.

De seguido solicita o uso da palabra a Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que o único que quere dicir é que tal como explicou na súa anterior intervención no que se está neste momento é na aprobación dunha conta xeral feita pola interventora municipal e que non vai entrar en máis debate.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que a emenda feita polo grupo político do BNG é totalmente allea a proposta que se presenta neste punto polo que non a van aceptar, e indica que se dito grupo quere traer unha proposta concreta para presentar no seguinte pleno o equipo de goberno non terá inconveniente en incluíla na orde do día; di que independentemente do debate, cada quen administra a súa casa, e a súa empresa con un criterio, atopándose o equipo de goberno totalmente tranquilo coa xestión feita; que a conta xeral que se presenta refírese a un ano complicado para todos o efectivamente os oito millóns e pico referidos son servizos sen contratar pero que son servizos prestados á cidadanía como servizo público de xardinaría, servizo público de saneamento de auga, servizo público de alumeadado, servizo público de axuda a domicilio, servizo público de limpeza viaria ou servizo público de limpeza de edificios e indica que os membros da oposición xa se darán conta de que cando saian a licitación van saír moito máis caros.

A continuación a Sra. García Gorostizu indica que cando os citados servizos se licitan se abaratan os custos.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que ela pode pensar iso pero que non é verdade.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González,

Votos en contra: seis (6), dos/as Sres./as: Chouciño Garrido, Pérez Mosquera, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: dous (2), dos/as Sres./as: García Gorostizu e Prieto García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 18 de outubro de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

3.- PROPOSTA SOBRE A APROBACIÓN INICIAL DUN EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data trinta de agosto de dous mil vinte e un, (código de documento UEH15I00BD), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural de data quince de outubro de dous mil vinte e un, que transcrita di:

“PROPOSTA

A liquidación do orzamento do exercicio de 2020 reflicte un remanente de tesouraría para gastos xeris por importe de 10.301.270,21 €

Considerando as diversas necesidades de actuación desta Administración que non poden demorarse ata o exercicio seguinte é necesario o incremento do orzamento de gastos xa que o crédito existente é insuficiente e non ampliable nas partidas orzamentarias con cargo ás que de deben aprobar tales actuacións.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

Considerando a suspensión das limitacións ao emprego do remanente de tesouraría como fonte de financiación de novos gastos e o disposto no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2007, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e o seu desenvolvemento regulamentario nos artigos 35 e seguintes do Real Decreto 500/90.

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 322C 7318 0S4L 4834 181K	

Á vista de todo o exposto, sométese ao Pleno a aprobación do seguinte ACORDO:

1. A aprobación inicial dun expediente de crédito extraordinario e de suplemento de crédito, segundo o seguinte detalle:

Suplemento de crédito das seguintes aplicacións orzamentarias cuxa consignación precisa ser incrementada, por resultar o previsto insuficiente:

C.I.F. P-1503100-H

Aplicación orzamentari a	Inversión	Importe inversión	Importe modificación aplicación
151-61900	Renovación Plaza Galicia	1.367.818,27 €	2.122.464,53 €
151-61900	Urbanización da rua Visitación da Encina, rua poeta Luz Pozo, avda de Ribados e rua Gumersindo Pereira Nouche	258.128,57 €	
151-61900	Mellora do entorno e dos viarios nos arredores da igrexa de Santiago do Burgo, correspondente ao viario público situado na antiga AC-211	496.517,69 €	
1531-61900	Mellora da seguridade viaria na avenida Acea de Ama	250.000,00 €	1.050.000,00 €
1531-61900	Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira	300.000,00 €	
1531-61900	Melloras de seguridade viaria, instalacións e servizos en Bregua	500.000,00 €	
151-60000	Adquisición de terreos	600.000,00 €	600.000,00 €
341-63200	Cubierta pista polideportiva en Ledoño-Culleredo-A Coruña	290.000,00 €	290.000,00 €

Crédito extraordinaria nas seguintes aplicacións orzamentarias que deben de ser asignadas para a realización dos gastos que se especifican:

Aplicación orzamentari a	Inversión	Importe inversión	Importe modificación aplicación
2311-62700	Ampliación do local social en Boedo	76.464,45 €	76.464,45 €

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 322C 7318 0S4L 4834 181K	

443-62700	Liquidación do contrato asinado o 11 de novembro de 1999 no que se formaliza a concesión administrativa de construción e explotación do Centro Loxístico de Transportes de Culleredo CLT, resolto mediante acordo plenario de 31 de marzo de 2016	1.118.384,65 €	1.118.384,65 €
-----------	---	----------------	----------------

Co seguinte financiamento:

Concepto de ingresos	870.00 Remanente de tesouraría para gastos xerais
Importe	5.257.313,63 €

Segundo.- Expoñer ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por espazo de 15 días o devandito expediente, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Si durante do mencionado prazo non se presentasen reclamacións, considerarase definitivamente aprobado.”

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, procede á lectura da proposta presentada.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo non entende que se convoque un pleno extraordinario para un modificativo de crédito con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais derivados da liquidación do orzamento do 2020, considerando que a estas alturas do ano e máis exactamente a 20 de outubro de 2021, habería que estar a falar dos orzamentos do vindeiro ano 2022; que o seu grupo, no seu momento, propuxo nunha sesión plenaria, unha serie de actuacións a realizar no Concello de Culleredo, como a realización dunha piscina municipal en Alvedro para desconxestionar a piscina de Acea de Ama e favorecer a proximidade do núcleo rural; di que o Sr. alcalde non aceptou dita proposta alegando que había que facer un estudo previo e agora o grupo Alternativa dos Veciños pregunta se todos os proxectos que recolle a proposta que se somete a debate neste punto teñen estudo previo; di que os patios dos CRAs seguen outro curso máis atopándose como se atopan, pese a que o goberno municipal se comprometeu no pleno a buscarlles unha solución, ocorrido o mesmo coas beirarrúas ao longo de Alvedro, á altura do outlet, a rúa Vicente Risco, que segue como estaba, preguntando que pensa facer o goberno municipal pois son unha lista longa de proxectos que seguen sen facerse a día de hoxe e pregunta se ten pensado facer o mesmo que fixo na última campaña en Fonte da Balsa, onde se deixou unha caseta e uns palés para, unha vez pasadas as eleccións, “si te he visto no me acuerdo”, nin de Fonte da Balsa nin dos seus veciños; di que o Sr. alcalde fai oídos sordos ao que din tanto a secretaria como a interventora, funcionarias habilitadas do Concello, que fan un informe desfavorable a proposta que se presenta pero o Sr. alcalde e o seu equipo de goberno seguen ao seu ritmo, sen escoitar nin aos funcionarios nin á oposición nin a certos veciños do Concello.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que se está a falar de coller cinco dos oito millóns que hai de aforro municipal e ata o de agora a Lei Montoro obrigaba a aforrar e a ter os cartos quietiños nos bancos pero agora houbo un levantamento que non se sabe se é temporal, agardando o seu grupo que sexa definitivo porque os cartos de Culleredo deben ser para cubrir necesidades da veciñanza e non para darlle servizo á banca, que abre unha capacidade de financiamento dunha significación enorme porque hai que lembrar que os fondos Edusi, de catro millóns de euros, esixían para a súa aplicación unha participación tremenda, porque a Unión Europea quería asegurarse de que, se daba fondos para unhas determinadas liñas, que foran esas liñas as destinatarias dos cartos; di que, polo tanto, en paralelo, utilizar

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

C.I.F. P-1503100-H

cinco dos oito millóns que hai aforrados, cantidade superior aos fondos Edusi que eran para aplicar en catro anos, supón unha cuestión de buscar un amplo consenso e unha ampla participación, pedíndoo xa desde hai meses polo BNG, que solicitaron a convocatoria do Consello xeral de participación cidadá para saber cales son as prioridades porque se vai dispoñer duns fondos que permiten atender a cuestións que quedaron pendentes desde hai uns anos; di que os veciños recordan moitas veces que o saneamento está sen completar, algo básico que non debería ser necesario dicilo, e que habería que empezar por aí, priorizar, construír e completar as capas máis básicas de necesidades e de aí, ir cara arriba, e se se pode chegar a cubrir o gasto da piscina que vén de recordar o voceiro de Alternativa, mellor, pero primeiro determinar cales son as prioridades porque seguramente non todos terán as mesmas impresións polo que hai que escoitar á xente porque primeiro son os servizos básicos e o equipo de goberno, en lugar de dar prioridade á participación e a cubrir eses servizos básicos, danlle prioridade a uns investimentos que ocupan unha carilla se se pón o cadro nunha soa folla; di que xa se lle recordou ao equipo de goberno que sería boa cousa que as partidas estiveran detalladas e aínda que hai dúas partidas que quedan moi claras, referidas a que hai que pagar uns pufos, hai outras que non o están tanto; di que con respecto á praza de Galicia, por exemplo, un dos temas dos que non lle gusta falar á Sra. Marta Iglesias, houbo unha dotación presupostaria no ano 2020, existindo unha sentenza que obriga a reparar dita praza porque hai filtracións derivadas da incorrecta execución da obra que foi admitida polo Concello sen ningún problema a pesar de que era evidente que esa obra estaba mal feita polo que, dada a traxectoria desta obra, conviría depurar responsabilidades e determinar por que se admite unha obra na que agora hai que gastar un pastizal; di que o equipo de goberno dicía que era 200.000 euros, e o grupo político do BNG dicía que sumando as partidas que están na sentenza daba 390.000 euros, e que agora o equipo de goberno propón unha ampliación de crédito de 1.367.000 euros a maiores dos que ían no orzamento; di que a Sra. Marta Iglesias, noutro día, dixo que as cousas non eran así e que se ía cumprir a sentenza cunha parte dos cartos que xa están destinados e que o resto ía servir para facer unha renovación integral ou, e pide permiso pola licenza que se toma, alicatar a praza ata o teito, o que non se sostén porque nos seis ou sete anos que leva de concelleiro viu semellante investimento nunha praza e pon como exemplo que se vén de renovar a praza de Vilaboa por menos de 200.000 euros, a praza de Europa igual, sen que se faga unha renovación integral cando ao mellor procedería porque hai máis cousas que quedan pendentes das que se están a facer, e que se podería seguir pero parece que na praza de Galicia hai algo extraordinario porque hai que sumar 1.367.000 euros aos 200.000 euros que xa hai no orzamento do 2020; di que o seguinte é respecto da urbanización da rúa Visitación de la Encina, rúa Pozo Garza, rúa Ribados e rúa Gumersindo Pereira Nouche, para a que se pide o voto sen saber que renovación é a que se vai facer e di que non se piden xa os proxectos pero si os antecedentes do que alí se quere facer pois o seu grupo está encantado de que se faga unha urbanización dun contorno de rúas, pero debería dicirse de que se trata; sobre o investimento de “Mellora do entorno e dos viarios nos arredores da igrexa de Santiago do Burgo, correspondente ao viario público situado na antiga AC-211”, para o que se destinan ao redor de 495.000 euros, ten tamén a súa particularidade porque sorprende que a AC-211, que se vén de recibir da Xunta, necesite xa un investimento de medio millón de euros, parecendo que non resultou moi rendible recibir esa estrada e que o lóxico sería ter esixido a quen a entregou que o fixera noutras condicións; di que forma parte do mesmo traxecto tamén a seguinte obra que se recolle na proposta cun investimento de 250.000 euros, a mellora da seguridade viaria na avenida de Acea de Ama, que necesitaría tamén valorar como se recibiu; que outra é a mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira, por importe de 300.000 euros, tamén recibida hai uns días; sobre a obra “Melloras de seguridade viaria, instalacións e servizos en Bregua” di que lle parece perfecto que se contemple un investimento de 500.000 euros porque efectivamente é unha zona con grandes necesidades e indica que tamén estaría ben que se especificara en que vai consistir esa mellora pois non estaría ben que se dedicaran a florituras e non ao básico.

Segue o Sr. Chouciño Garrido coa análise das obras que se recollen na proposta e di que sobre a de “Cubierta pista polideportiva en Ledoño-Culleredo-A Coruña” se destinan 290.000 euros cando isto aparecía contemplado no Plan Complementario do POS do 2020, existindo xa financiamento para isto, polo que solicita explicación porque o seu grupo está encantado de que se empreguen os cartos nesa cuberta; que o mesmo ocorre coa obra “Ampliación do local social en Boedo” porque di que realmente é un local moi pequeniño e que precisa dun arranxo importante

34 de 39

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

pero solicita se indique en que se van gastar 76.000 euros sobre unha vivenda prefabricada de madeira e que se explique brevemente o proxecto; di que, por último, recolle a proposta un importe de 1.118.000 euros, omitindo xa a calderilla, para "Liquidación do contrato asinado o 11 de novembro de 1999 no que se formaliza a concesión administrativa de construción e explotación do Centro Loxístico de Transportes de Culleredo CLT, resolto mediante acordo plenario de 31 de marzo de 2016", e indica que isto é do que falou antes, dun litixio no que Culleredo perde, onde se debían un millón e pico de euros e agora o Concello debe un millón e pico de euros, o que suma a cantidade de dous millóns e medio de euros redondeando, solicitando o equipo de goberno que a Corporación aprobe unha partida para isto cando na lei está que procede depurar responsabilidades cando hai que facer compensacións como é o caso polo que considera que hai que proceder a isto antes de aprobar esta partida; que xa o outro día o seu grupo solicitou que se tratan estas cuestións por separado porque sobre a praza de Galicia hai unha sentenza que obriga ao Concello a asumir uns custos que teñen unha orixe truculenta e o CLT o mesmo, e o equipo de goberno non quixo votar por separado e preferiron sometelo a chantaxe porque se non se aprobaba isto tampouco se aprobaba o que o acompañaba que eran obras super necesarias; di que o seu grupo absterase na votación desta proposta e que non vai presentar unha emenda aquí pero que si tomará nota das dúas cuestións e solicitará depuración de responsabilidades e unha auditoría respecto das contas de Culleredo.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que debido á pandemia suspendéronse as regras fiscais para o 2020 e o 2021 o que supuxo que o superávit, iso que o goberno municipal recadou pero non foi quen de gastar, ou sexa, o aforro dos veciños, non se teña que destinar a amortizar débeda e que a utilización do remanente de tesourería, no que exceda do superávit, sexa libre por suspenderse as regras fiscais que limitaban o seu uso; di que como se puido ver no punto anterior, na liquidación, Culleredo presenta un remanente de case nove millóns de euros que se pode usar en gastos xerais, supoñendo unha oportunidade para o Concello, unha oportunidade de crecemento, unha oportunidade de compensar o ano e medio de pandemia no que moitas familias o pasaron mal, unha gran oportunidade, en definitiva, para os gobernos locais de poder avanzar, modernizarse e facilitarlle a vida aos veciños; di que co que se atopa Culleredo, o que propón o equipo de goberno e o que propón o Sr. alcalde é gastar, deses case nove millóns de euros, dous millóns e medio en acatar dúas sentenzas xudiciais e outros dous millóns e medio nunhas obras de investimento; di que menos mal que existen os xuíces porque se non fora por eles que sería da praza de Galicia e cando se arranxaría xa quehai unha sentenza de antes das eleccións do 2019 e aínda se segue agardando polo seu arranxo.

Continúa a dicir a Sra. García Gorostizu que xa sabe que é moi complexo gobernar e, dirixíndose ao Sr. alcalde, di que é moi triste que os investimentos que trae ao pleno sexan por sentenzas xudiciais, que é moi triste ter sentenzas que condenen ao Concello de Culleredo e di tamén que sobre a outra sentenza, a do CLT, xa se traerá un punto a un pleno específico para poder dixerir toda a información sobre ese tema.

Di a Sra. García Gorostizu que dos outros dous millóns e medio que quedan para investir, aumentan as partidas de varias obras que xa estaban presupostadas e seguen sen ter en conta os orzamentos participativos, comprobando unha vez máis o paripé que supón para o equipo de goberno e, o máis importante, a posibilidade de gasto que o equipo de goberno ten debido aos efectos devastadores que produciu a pandemia, sen ter a sensibilidade de destinar un so euro ás persoas que o pasaron mal, aos sectores máis afectados, sendo cero a sensibilidade ante os problemas dos veciños e, dirixíndose á Sra. Marta, dille que non se ría e que diga se trae algunha proposta para os hosteleiros, se trae algunha proposta para os peluqueiros, se trae algunha proposta para as axencias de viaxe, se trae algunha proposta para o pequeno comercio, para as pymes de Culleredo, e di a Sra. Gorostizu que non, que non trae nada do que vén de dicir e que o que se proxectan son catro obras que seguro beneficiarán ás catro empresas de sempre, as catro empresas amigas, porque iso é ao que están acostumbrados; di que para o grupo político popular os veciños sempre serán unha prioridade antes que beneficiar o interese privado dun ou outro sector empresarial, como fai a concelleira á que se dirixe contratando a dedo e sen seguir os procedementos legalmente establecidos, polo que vén de expoñer; di que se trata dos aforros dos veciños e que o goberno

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

municipal o guisa e o goberno municipal o come, sen ter en conta a ninguén, nin aos veciños nin á oposición; di que aínda así, o seu grupo non vai votar en contra senón que se absterá porque, aínda que están totalmente de acordo cos informes contrarios da Intervención e da Secretaría, cren que todos os cartos que se poidan investir no Concello son benvidos pero que é unha pena que unha oportunidade tan boa como teñen que non se aproveite mellor e pregunta, se o equipo de goberno non é capaz de executar o orzamento, recordando que unicamente o 16% foi executado no capítulo 6 de investimentos, como vai facer coa falta de persoal á que sempre alude para levar a cabo as obras que propoñen e executar ditos investimentos e que é o que van deixar sen facer.

Segue a súa intervención e a Sra. García Gorostizu e di que é unha pena que o que podía ser un impulso para Culleredo ao final, pola incompetencia e a incapacidade do goberno municipal, vaia quedar noutro 16% de execución ou, o que é case o mesmo, en nada.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que a el lle preocuparía que fora a Sra. García Gorostizu a que fixera a proposta porque hai cousas que dixo que non se poden facer porque está taxado o que se pode facer.

Intervén a Sra. García Gorostizu e di que ela xa sabía o que lle ía dicir o Sr. alcalde e que se preocupou de informarse e sabe que se poden destinar cartos á axuda do pequeno comercio e das pymes.

O Sr. alcalde fai uso da palabra e di que non se pode.

A Sra. García Gorostizu lle pide ao Sr. alcalde que non minta e di que ela se informou sobre este tema e que si se poden destinar importes á axuda ao pequeno comercio e ás pymes.

O Sr. alcalde intervén e di que nos termos expostos pola voceira do grupo político popular non se pode porque está taxado e di que vai facer unha matización porque os cartos que ían destinados ao polideportivo, no complementario, á cuberta, cando foi o tema da pandemia a Deputación viu a posibilidade de que se quitara esa provisión e o dito complementario se destinara directamente a gasto social e así o fixo o equipo de goberno á vista da situación que se estaba a dar no momento; di que desde diferentes concellos se solicitou poder recuperar os investimentos que ían no dito plan complementario e se está agardando a resposta polo que o equipo de goberno decidiu traer ao pleno a proposta deste investimento para garantir a súa execución o antes posible xa que o complementario do 2020 foi destinado a gasto social.

Deseguido solicita o uso da palabra a Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que vai empezar por falar do CLT pois ve que é un tema que lle agrada á oposición xa que faláron del nos puntos un, dous e tres da orde do día do pleno, engadindo a Sra. García Gorostizu que vai traer a outro pleno un punto extraordinario; di que quere que quede moi claro, e di que o dixo o Sr. Chouciño nun pleno de non fai moito tempo, que o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo é unha infraestrutura estratéxica e que, como consecuencia, tal como dixo antes porque non hai nada novo que contar e ten que repetir o que xa dixo, na resolución anticipada do contrato de resolución do mesmo ao entrar o concesionario en concurso de acredores, non por unha causa imputable ao Concello, xurdiu a obriga de liquidar o contrato polo que procede pagar ao contratista o valor dos bens que van revertir ao Concello antes de que foran amortizados; di que o Concello adquire uns bens que ten que pagar no importe polo que o xuíz decide valoralos, uns bens necesarios para que o CLT funcione, que non supón unha cantidade que se pague a cambio de nada e que non se perde nada senón que se incrementa o patrimonio municipal; di que tras as intervencións feitas vese que os grupos intervintes teñen un gran desprezo polas resolucións xudiciais pois non queren acatar a súa execución e di que o equipo de goberno vese na obriga de acatar as resolucións xudiciais e que, unha vez que se liquidou o contrato do CLT e unha vez que a administración concursal da empresa concesionaria presentou un recurso contra a liquidación o Tribunal Superior confirmou a sentenza de Primeira Instancia; di que o Concello non perdeu nada senón que adquiriu uns bens polos que hai que pagar e que a concesionaria si que perdeu pois o que reclamaba eran máis de dez millóns de euros; di que a sentenza está

36 de 39

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

recurrida en casación no Tribunal Supremo pero o Xulgado do contencioso-administrativo dixo que había que executar provisionalmente a sentenza e o equipo de goberno opúxose a esa execución provisional pero o Xulgado di que si a hai que executar, esixindo que se liquide, esixindo tamén a Lei de facendas locais que se consigne a partida presupostaria, polo que hai que facelo agora primeiro xa porque hai a obriga de facelo e segundo porque isto non vai repercutir no desenvolvemento do orzamento ordinario que hai grazas ao compromiso socialista de poder gastar os remanentes; di que por membros da oposición fálase en ocasións dos pufos do Concello e aclara que o Concello non ten pufos pois ten todo pagado e non ten ningunha débeda.

Segue a falar a Sra. Iglesias Becerra e di que con respecto á praza de Galicia hai máis do mesmo pois dotouse no orzamento ordinario unha partida de 246.632,93 euros, unha cantidade que ela non inventou e sobre a que membros da oposición din que son case 400.000 euros e que houbo unha condea; di que esa cantidade foi a que fixou o perito demandante e a única que se podía consignar a falta dun proxecto e que agora, á vista do proxecto, non se trata de alicatar como dixo o Sr. Chouciño Garrido, senón que se trata de facer unha reforma integral da praza e non porque obrigue un xuíz, pois este só obriga a reparar as goteiras, senón porque o equipo de goberno considera necesario que se faga unha reforma integral da praza porque os veciños o merecen; di que o Sr. Chouciño di que lle parece moito o importe destinado a dita reforma porque nunha houbo tanto para unha praza en Culleredo e engade que o equipo de goberno considera que é o necesario e que, xa que había que gastar unha cantidade, que se faga ben pois non tería sentido gastar agora 250.000 euros e máis tarde puidera haber fallos de execución e puideran voltar as goteiras e di que ese é o motivo do importe sinalado pois se quere facer unha reforma integral para que a praza quede ben e non teña ningún problema para o disfrute dos veciños e das veciñas.

C.I.F. P-1503100-H

Di que en canto ás partidas ás que se referían de seguridade viaria, a rúa Visitación de la Encina, rúa Poeta Luz Pozo, avenida Ribados, rúa Gumersindo Pereira Nouche, e a mellora dos entornos dos viarios da igrexa de Santiago do Burgo, correspondente ao viario público situado na antiga AC-211, a mellora desta contorna vai desde a ponte da vía do tren ata a ponte romana, no límite co Concello de Cambre, consistindo en facer novas beirarrúas, pavimentos etc, e, en definitiva, en mellorar a seguridade viaria; di que a mellora da seguridade viaria na avenida de Acea da Ma, desde a rotonda onde está o Froiz ata a Policía, e a mellora da seguridade viaria na antiga nacional 550 pola Corveira sería máis ou menos desde onde está Radio Culleredo ata a igrexa de Vilaboa onde se vai facer a nova rotonda di que en ambos casos o investimento consiste en mellorar a seguridade viaria facendo unha medianeira verde mellorando as interseccións porque xa se puido comprobar no tramo que xa se fixo en Fonteculler que baixa a sinistralidade e mellora a seguridade viaria na zona.

Segue a súa intervención a Sra. Iglesias Becerra e di que se falou da entrega dunhas vías que quizais non chegasen nas mellores condicións engadindo que as vías tiñan que chegar nas condicións óptimas pero o equipo de goberno quixo que o Concello fora propietario das vías para poder dotalas dos servizos dos que falou no anterior parágrafo e facelas máis seguras, máis accesibles para os cidadáns de Culleredo, o que non quere dicir que as vías non estivesen en boas condicións para o tráfico; di que sobre a mellora da seguridade viaria e servizos en Bregua o investimento que se propón é para facer un novo vial pola vía do tren, a mellora da accesibilidade e seguridade nas estradas existentes e unha nova praza diante da estación de tren que alí hai; di que estas son todas actuacións que tratan de mellorar a seguridade viaria e que hai outras actuacións, como a cuberta da pista polideportiva en Ledoño, unha obra necesaria e un compromiso cos veciños e veciñas, ou a ampliación do local social en Boedo, que non é para obras no local que xa existe senón para facer unha ampliación porque o que hai é moi pequeno e non permite facer nel todas as actividades que se demandan.

Segue a dicir que todas as propostas, tal como dixo antes a súa compañeira e concelleira de Participación Cidadá, foron feitas polos veciños e veciñas e di que o equipo de goberno considera que maior participación non pode existir; di, dirixíndose ao Sr. Mourelle Botana, que todos os investimentos están valorados e contan cun estudo previo; di que, en resumo, todos os presentes na sesión estiveron reclamando pola suspensión das regras fiscais, suspensión que se levou a cabo e permitiu realizar uns investimentos necesarios e fundamentais, incluído o cumprimento das

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

sentenzas; di que cos investimentos que se propoñen vanse mellorar as infraestruturas dos veciños e veciñas de Culleredo e vaise contribuír a xerar emprego e actividade sen comprometer a saúde financeira do Concello; di que a quen lle corresponde presentar os investimentos e valorar a súa necesidade é ao equipo de goberno e neste caso ao pleno polo que pide o seu apoio e que podería ser que os grupos da oposición preferiran outros investimentos e non os que se propoñen pero a responsabilidade do goberno municipal é gobernar e os que se presentan son os que os veciños e veciñas trasladaron e os que o equipo de goberno pensa que se deben executar de forma prioritaria, non existindo maior participación; di que seguramente hai outros investimentos necesarios, moitos quizáis, pero que estos son os que propoñen e para os que solicitan o apoio de todos os membros da Corporación.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que quere empezar polo dito pola Sra. Iglesias Becerra no final da súa intervención respecto de que máis participación non existe e di que a participación está canalizada e que xa no primeiro punto da orde do día da sesión que se está a celebrar o equipo de goberno di que modifica, ou pretende modificar, o regulamento de participación cidadá e di que o goberno municipal non ten ningunha intención de cumprir co que xa ten co Consello xeral de participación cidadá; di que non vai supoñer nada reformar o Regulamento de Participación Cidadá porque o equipo de goberno non cumpre co vixente; di que a Sra. Iglesias Becerra dixo que os investimentos propostos foron solicitados polos veciños e engade que os membros do seu grupo, ao igual que os membros dos restantes grupos políticos municipais, non foron convocados a ningunha reunión do Consello xeral de participación cidadá a pesar de ser membros; di que con isto se redondea o pleno que se está a celebrar e que, con respecto á praza de Galicia, a Sra. Iglesias Becerra contou unha versión para nenos pois iso era un terreo municipal enaxenado, vendéndose o seu solo para facer un aparcadoiro, e o dono do subsolo tiña que facer unha cuberta que cedeu e o Concello de Culleredo tiña que decidir se o aceptaba ou non nas condicións que tiña, decidíndoo aceptar nunhas condicións que o xuíz dixo Dios mío, Dios mío, como se puido recibir isto así, feito un desastre, con mostras sobradas dos peritos de que aquilo estaba feito un desastre no momento de recibilo, facéndose cargo o Concello de algo que se fixo horriblemente mal e que o Concello recibiu igual polo que el di que si se pode falar de pufos porque estes derroteiros veñen de facer as cousas mal, ocorrido o mesmo co Centro Loxístico de Transportes; di que a Sra. Iglesias Becerra contou a versión para nenos pero non conta que non se reuniu en ningún momento a comisión de seguemento ao longo da vida da concesión e que nunca se lle reclamaron os incumprimentos das condicións da concesión, onde tiña que haber un hotel de 4 estrelas, unha ITV, unha estación intermodal, unha área comercial, etc, etc., e non se fixo nada diso sendo o resultado que non hai nada do que tiña que haber e cando se rescata a concesión e se fai unha liquidación fanse unhas valoracións froito das cales deu un resultado positivo e agora, non se sabe por que, levanse as valoracións ao inventario municipal por uns valores superiores; di que a Sra. Iglesias Becerra di que non se gañou nin se perdeu nada cando a realidade é que froito das ditas valoracións había un resultado positivo para o Concello e o exconcesionario tiña que pagar un millón e pico e pregunta se o Concello non perdeu nada tendo en conta que antes o exconcesionario tiña que pagar e agora é o Concello o que o ten que facer e di que si, que o Concello perdeu a diferenza, case dous millóns e medio de euros, e iso porque queda unha porta inexplicablemente aberta para que o recurrente acabe explotando a canteira e gañe a sentenza porque se o Concello rescata a concesión dicindo que algo vale cen e o meten no inventario por cento cincuenta é o mesmo que dicir que non estaba acertado cando valorou ese algo en cen pois o seu valor é cento cincuenta e habería que partir deses valores de partida, cambiando a situación e facendo que cando antes se lle debía ao Concello un millón e pico, agora é o Concello o que debe millón e pico; di que son cousas moi gordas derivadas de gobernos da Sra. Iglesias Becerra, procedendo depurar responsabilidades e saber que está pasando e determinar que non volva a pasar e coñecer cales son as consecuencias de facer este tipo de barbaridades porque non é a primeira vez que o Concello ten que pagar cantidades milenarias por sentenzas por cuestións aberrantes e recorda o terreo que se adquiriu para o colexio Ría do Burgo polo que houbo que pagar millón e pico de euros por 3.000 metros de zona verde.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pregunta ao Sr. Chouciño Garrido, indicando que ao escoitalo calquera se podería preocupar, se as conclusións ás que el chega as deduciu el mesmo ou se algún

38 de 39

Código do documento	Código do expediente
USG15I03GQ	USG/2021/173
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
322C 7318 0S4L 4834 181K	

xurista, letrado ou persoal especializado na materia complementou o que está a dicir achegando estudos ao respecto.

Responde o Sr. Chouciño Garrido e di que todo o que vén de dicir nas súas intervencións pódese atopar nas sentenzas.

O Sr. alcalde-presidente di que el fixo esa pregunta porque se as conclusións ás que chegou o Sr. Chouciño Garrido estiveran avaladas por algún xurista estaría ben que se achegara ao pleno para explicar de onde as sacou pero que se é colleita propia do Sr. Chouciño lle di que lle falta o complemento de persoas cualificadas que o ratifiquen.

O Sr. Chouciño Garrido di que o seu grupo analizou o tema do CLT da mesma maneira que analizou a traxectoria da concesión da Garrocha e esta está no Xulgado pendente dunha posible prevaricación.

O Sr. alcalde-presidente di que iso é posible e que, de todas formas, lle satisface saber que as conclusións ás que chega o Sr. Chouciño Garrido son conclusións unilaterais.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 30 de agosto de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández e Seijas González,

Votos en contra: tres (3), dos/as Sres./as: Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: cinco (5), dos/as Sres./as: García Gorostizu, Prieto García, Chouciño Garrido, Pérez Mosquera e Méndez Mosquera,

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da área de Urbanismo e da área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 30 de agosto de 2021 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as quince horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e prace,
O alcalde-presidente
(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H